



# Memoria de actividades 2013



**COCAMI**

Confederación Galega de  
Persoas con Discapacidade





	Introdución
	Carta do Presidente
	Presentación COGAMI
	Organigrama
	Áreas
04	FORTALECEMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO
	Dinamización de áreas rurais
	Asociacionismo
	Centros de recursos para persoas con discapacidade
10	ACCESIBILIDADE
14	FORMACIÓN E EMPREGO
18	LECER
22	TRABALLO SOCIAL
	Rede de Información, Asesoramento e Orientación
	Xestión de Recursos
	Intervención Social
	Voluntariado
	Sensibilización e concienciación
26	COMUNICACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
30	INNOVACIÓN E MELLORA
34	EMPRESAS DE COGAMI
40	MEMORIA ECONÓMICA
46	ASOCIACIÓNS MEMBRO
	Anexos
	Datos de contacto: Entidades Membro
58	FINANCEIROS





Queridas amigas e amigos:

Novamente, imos poñer en papel o resultado do esforzo de todas e todos. Como organización, sentímonos satisfeitos por seguir prestando apoios á nosa xente, porque seguimos a manter vivo o compromiso de que eses apoios sexan da maior calidade posible, como o demostra que entre todas/os fomos quen de acadar o Selo Compromiso coa Excelencia 400+EFQM.

Tanto eu como os demais responsables de COGAMI, somos conscientes que esta Memoria e só un pequeno resumo, unha sombra que non dá a medida do esforzo e o compromiso de todas/os que estades a traballar a prol do obxectivo común, da misión da nosa Entidade.

Cando falo de todas/os que formades parte de COGAMI, estou a falar, do movemento asociativo, das e dos profesionais das áreas, dos centros de recursos e centros especiais de emprego, de persoas voluntarias, colaboradoras, patrocinadores, das Administracións Públicas, axentes sociais, representantes políticos e de todas/os amigas/os.

Este ano consolidouse a Área de Fondos Propios, coa intención de dar valor engadido ao noso coñecemento, á nosa experiencia na prestación de servizos. Fondos Propios naceu coa ilusión de dar maior independencia económica a COGAMI, como unha oportunidade de dotarnos de maior liberdade.

Esta memoria non reflicte moitas das preocupacións que ten COGAMI pola situación actual. Polo perigo que vimos arrastrando, os últimos cinco anos, de perda dos dereitos de cidadanía das persoas con discapacidade. Temas como os copagos, o transporte adaptado, a promoción da autonomía persoal, os servizos da dependencia, a educación inclusiva e de calidade, a múltiple discriminación, a falta de accesibilidade, o perigo da exclusión social ou da marxinalidade, témolos sempre presentes e intentamos darlle solución da mellor maneira que podemos.

Seguimos a camiñar cara adiante, temos unha enorme responsabilidade sobre todas/os, pero con ilusión, compañeirismo, confianza e determinación, o ano que vén, cando fagamos o resumo, seguro que seremos un pouco mellores, e estaremos máis orgullosos do labor que teremos feito, e da confianza en que a nosa xente ten camiñado con nós.

Apertas  
Anxo Queiruga Vila.



### PRESENTACIÓN

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por 53 asociacións e delegacións, o que a converte na entidade máis representativa das persoas con discapacidade en Galicia. Presta servizos ás persoas con discapacidade e xestiona directamente 14 iniciativas empresariais de economía social que forman parte do Grupo COGAMI, que emprega a máis de 500 persoas con discapacidade.

Moitos dos servizos que presta COGAMI, así como algunhas das súas iniciativas empresariais, xurdiron a partir de proxectos europeos nos que a nosa entidade participa dende hai máis dunha década.

### MISIÓN

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

### VISIÓN

Un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderato na busca de novas metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

### VALORES

En termos xerais, COGAMI adhirose á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. COGAMI adopta, ademais, estes valores:

Valores de xestión:

- Transparencia
- Mellora continua
- Innovación
- Calidade
- Profesionalidade
- Democracia interna
- Enfoque de xénero



Xunta Directiva de COGAMI



Valores da entidade:

- Defensa de dereitos das persoas con discapacidade
- Igualdade interseccional
- Solidariedade
- Participación
- Implicación social
- Independencia

**ESTRUTURA ASOCIATIVA**

COGAMI é unha das entidades fundadoras do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) e tamén da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia). A nivel estatal, é membro de COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física e Orgánica).

Na actualidade, COGAMI está constituída por 17 asociacións membro directo: 4 Federacións Provinciais, 2 entidades autonómicas e 11 asociacións comarcais. Á súa vez, as 4 federacións están formadas por outras asociacións ata conformar un movemento asociativo de 53 entidades.


**PLAN ESTRATÉXICO**

2013 foi o primeiro ano do segundo plan estratéxico de COGAMI que rematará en 2015. Este plan trouxo importantes novidades que supuxeron cambios no traballo e na formulación de obxectivos dalgunhas das áreas de COGAMI como a de fortalecemento do movemento asociativo ou a do SIL.

Tamén supuxo o relanzamento definitivo da área de fondos propios da organización como unha ferramenta para obter financiamento para os servizos vinculados á misión de COGAMI.

**SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA**

En decembro de 2009, COGAMI consegue o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 200+EFQM**, acadando no ano 2011 o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 300+EFQM**, recoñecementos que reflicten que a Confederación ten un modelo de xestión da calidade comprometido coa procura da excelencia na xestión da entidade e no desenvolvemento dos servizos que ofrece. Na actualidade acabamos de cumprir un obxectivo estratéxico: conseguimos o **SELO EXCELENCIA EUROPEA 400+ EFQM**.



Fortalecimento do  
movimento associativo




## 1. DINAMIZACIÓN DE ÁREAS RURAIS

Desenvolvéronse actividades de información e asesoramento, xestión de recursos, programación e organización de diferentes accións formativas, de saúde, de sensibilización social, participouse en programas de lecer, etc. Podemos estruturar as accións máis específicas en 3 áreas de apoio ás necesidades das persoas con discapacidade:

1. Área de apoio á mellora da saúde.
2. Área de apoio ás necesidades das persoas con discapacidade e ás familias.
3. Área de apoio ao lecer lúdico-educativo.

As actividades e programas desenvolvidos durante 2013 contaron cunha **participación de 1.941 persoas con discapacidade**, das que 986 foron homes e 955 mulleres.

Distribución por sexo e actividade



Visita da Conselleira de Sanidade ao CRD de Mos



## Área de apoio á mellora da saúde

Desenvólvense programas e actividades dirixidas ao apoio á rehabilitación para conseguir mellorar a independencia funcional físico-motora das persoas participantes, deter ou minimizar os procesos dexenerativos, estimular a melloría das posibilidades de movemento e autonomía persoal, potenciar as capacidades residuais e loitar contra as secuelas da inactividade. **Participaron 383 persoas**, 198 homes e 185 mulleres.

Realizáronse dous tipos de actividades:

- **Actividades Físicas**, para mellorar as capacidades físicas a través da fisioterapia, a natación terapéutica ou a ximnasia.
- **Coñecementos Cognoscitivos**, para mellorar as capacidades cognoscitivas mediante o traballo das habilidades sociais e comunicativas, da atención psicolóxica e da autonomía.

## Área de apoio ás necesidades das persoas con discapacidade e ás familias

Recolle as accións dirixidas a capacitar ás persoas participantes a través de actividades formativas de carácter básico ocupacional, así como os programas e actividades dirixidos ao ámbito familiar. **Participaron 232 persoas con**

Convenio coa Deputación de Lugo





Taller sobre inspección de centros

**discapacidade**, 144 foron homes e 88 mulleres. Dentro desta área desenvolvemos:

- **Programas de formación específica para persoas con grandes discapacidades**, no que destaca o *Curso de Informática e Aplicacións Especiais para Persoas con Grandes Discapacidades a Distancia* e a *Aula de Formación Ocupacional de Persoas con Grandes Discapacidades en Fingoi, Lugo*.
- **Programas de formación de carácter básico e ocupacional**, como o *Programa de Apoio ao Desenvolvemento Integral das Persoas con Discapacidade*, dirixido a capacitar as/aos participantes a desenvolverse, dentro das súas características persoais, en actividades da vida diaria, así como actividades do eido das TIC's.


### Área de apoio ao lecer lúdico - educativo

Programa de actividades ligadas ao lecer e tempo libre para persoas con discapacidade, xunto con outras ligadas ao ámbito educativo, cultural, formativo, etc. **Desenvolvéronse 66 accións** ao longo do ano nas que **participaron 1.166 persoas**, 572 homes e 594 mulleres.

## 2. ASOCIACIONISMO

Durante 2013 incrementaron as solicitudes de apoio recibidas dende as asociacións e tamén as accións formativas destinadas a dirixentes do noso movemento asociativo, desenvolvéndose un total de **4 accións formativas**, nas que **participaron 80 persoas de 21 asociacións**. Estas accións foron sobre:

- Redes sociais, que contou con 18 participantes no mes de abril.
- Rexistro, acreditación e inspección de servizos sociais: Impartida en xullo en Santiago e en Lugo, contou con 44 participantes.
- Accesibilidade: foi impartida en decembro e tivo 18 participantes.






Convenio coa Deputación de Pontevedra



Xuntanza da comisión sociosanitaria con representantes do PSdeG-PSOE

Dende as nosas asociacións, recibimos **238 solicitudes de apoio**, das que **podemos responder ao 97%** delas, quedando o 3% restante pendente de resposta en 2014.



## Novas incorporacións

En 2013 houbo novas incorporacións de asociacións, sendo admitidas como entidades membro de COGAMI-CORUÑA a Delegación da Asociación Nacional de Amputados de España (ANDA) e a Liga Reumatolóxica Galega (LIGARE), conformando un total de 53 as entidades e delegacións que conforman a estrutura asociativa de COGAMI.

## Comisión sociosanitaria

En 2013, a Comisión Sociosanitaria celebrou dúas reunións, en maio e decembro, para tratar temas como o catálogo de Prestacións Ortoprotésicas e as condicións de financiación de medicamentos. Outras xuntanzas foron co Director Xeral de Asistencia Sanitaria da Xunta, cos diferentes Grupos do Parlamento de Galicia,



Clases de logopedia en Arzúa



Visita do alcalde de Ferrol ao centro de COGAMI



co Presidente da Asociación Técnicos Ortopédicos de Galicia "ATOG" e co Secretario Xeral do PSdeG-PSOE, na que se transmitiron as inquiredanzas desta comisión.

Foron sete entidades máis as que entraron a formar parte desta comisión en 2013.

## CENTROS DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

COGAMI ten tres centros en funcionamento dirixidos a persoas con gran discapacidade física.

### Centro de Día de Monteporreiro (Pontevedra).

Conta con capacidade para 20 prazas. Durante este ano participaron 15 persoas procedentes de Pontevedra<sub>(7)</sub>, Caldas<sub>(1)</sub>, Marín<sub>(1)</sub>, Moraña<sub>(1)</sub>, Bueu<sub>(1)</sub>, Poio<sub>(2)</sub>, Cangas<sub>(1)</sub>, e Valga<sub>(1)</sub>.

### Centro de recursos para persoas con discapacidade de Medelo (Silleda).

Ten capacidade para 50 prazas. Durante o ano 2013 participaron 21 persoas procedentes de: Cerdedo<sub>(1)</sub>, Vedra<sub>(2)</sub>, A Estrada<sub>(11)</sub>, Silleda<sub>(2)</sub>, Vila de Cruces<sub>(2)</sub>, Lalín<sub>(2)</sub> e Forcarei<sub>(1)</sub>.

Nos dous centros as persoas usuarias participan nun programa mixto onde se desenvolven de forma simultánea diversos programas a través de diferentes áreas de habilitación e atención:

- **ÁREA DE HABILITACIÓN E MANTEMENTO FÍSICO - COGNITIVO:** Actividades físicas e deportivas, rehabilitación física, terapia ocupacional, audición e linguaxe, natación terapéutica e hidroterapia.
- **ÁREA DE HABILITACIÓN FORMATIVA E PROFESIONAL:** Informática e Novas Tecnoloxías, formación básica e académica, obradoiros de habilidades prelaborais, formación profesional.
- **ÁREA DE ATENCIÓN PERSOAL:** Intervención e apoio psicolóxico e obradoiros de habilidades persoais e xerais.
- **ÁREA DE ATENCIÓN SOCIAL:** Obradoiros de habilidades sociais e comunicativas, desenvolvemento na comunidade, programas de traballo social individualizado, de promoción da vida independente, actividades no exterior (actos da comunidade).

### Aula ocupacional de Novas Tecnoloxías de Fingoi, en Lugo.

Participaron 31 persoas dentro dun programa mixto onde se desenvolven simultaneamente formación ocupacional e servizos de apoio persoal e social.

A aula ocupacional de Fingoi desenvolveu estes cursos e actividades:

#### Accións formativas

1. Sistema operativo
2. Maquetación
3. Transmisión e xestión da información
4. Coñecemento do medio social



A Mariña-COGAMI participa no programa Iberdrola de natación



Terapia Ocupacional no CRD de Monteporreiro



5. Expresión en lingua galega
6. Formación para o desenvolvemento persoal
7. Presentacións gráficas
8. Tecnoloxía e medio ambiente
9. Informática e aplicacións especiais

#### Servizos de Apoio

1. Terapia ocupacional
2. Apoio social
3. Apoio psicolóxico
4. Actividades lúdico-deportivas
5. Logopedia
6. Fisioterapia

As persoas que acoden a esta aula son de: Lugo<sup>(14)</sup>, Rábade<sup>(2)</sup>, Outeiro de Rei<sup>(3)</sup>, Sarria<sup>(4)</sup>, Guitiriz<sup>(1)</sup>, Foz<sup>(1)</sup>, Begonte<sup>(3)</sup>, Portomarín<sup>(1)</sup>, As Nogais<sup>(1)</sup> e O Corgo<sup>(1)</sup>.

#### Centros en proceso de posta en funcionamento, son:

**O centro de día de Ferrol** que conta co permiso de inicio de actividade da Xunta de Galicia desde xullo de 2011 e que se atopa en proceso de

posta en marcha do programa de centro (liña similar ao centro de día de Monteporreiro). Conta con capacidade para 20 prazas.

**Remodelación do CRD Fingoi para a posta en funcionamento dun centro de día** para persoas con grande discapacidade física, na liña de funcionamento das actividades do centro actual. As obras de remodelación rematáronse este ano, e estamos a tramitar a cesión de uso dos espazos coa Xunta de Galicia, para poder solicitar o permiso de inicio de actividade, durante 2014, con capacidade para 60 prazas.

**Centro de día de A Coruña:** Estamos a tramitar a cesión de uso dos espazos coa Deputación Provincial e, ao mesmo tempo, tramitando o permiso de creación/construción como centro de día, con capacidade para 30 prazas.

**Centro de recursos de Mos:** Tramitouse a cesión dos espazos por parte da Consellería de Sanidade e iniciaron os trámites para o permiso de creación/construción na Consellería de Traballo e Benestar, de cara a iniciar as obras de remodelación das instalacións para a posta en marcha dun centro de día, centro ocupacional e vivenda tutelada.



Día do voluntariado de Iberdrola no que participaron entidades membro COGAMI


Accesibilidad



## 1. Evolución do servizo e resultados acadados

Dende agosto de 2003, puxemos en marcha en COGAMI a área de Accesibilidade como unha ferramenta necesaria para asesorar sobre axudas técnicas e lexislación referente. Desenvolve actividades de consultoría, formación e elaboración de proxectos, co obxectivo de incrementar a ergonomía, transitabilidade máis usabilidade dos espazos e servizos mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas.

A seguinte táboa reflicte a evolución temporal da área:




É un servizo gratuíto que xera propostas para eliminar barreiras arquitectónicas e incrementar a autonomía e capacidade da persoa

consultante. Realiza un seguemento de calidade que se divide en tres fases:

1. Visita ao inmoble para **detectar** as barreiras existentes.
2. Comparación dos datos obtidos coa normativa vixente para **avaliar** o nivel de accesibilidade.
3. Redacción dun informe asesor para **solucionar** a situación.

## 2. Resultados obtidos

Durante o pasado ano 2013 atendéronse un total de 264 consultas, o que supera nun 20% a media de 214 consultas anuais e arroxa un promedio de 22 informes mensuais.



Unha das cinco cadeiras doadas por Levagalia a COGAMI



## 264 consultas atendidas sobre accesibilidade

### 3. Acci3ns e Proxectos Desenvolvidos

A 3rea de Accesibilidade traballa con entes p3blicos e privados, propo3ndo as mellores condici3ns posibles de comunicaci3n, ergonomia, transitabilidade m3is usabilidade, conforme aos principios do Dese3o Universal. Durante 2013 realiz3ronse os seguintes proxectos:

- **Xunta de Galicia**, entidade adxudicataria do servizo de asesoramento en materia de accesibilidade.
- **Xunta de Galicia – Deputaci3n de A Coru3a**, avaliaci3n do nivel de accesibilidade nos locais electorais dos concellos de A Coru3a, Santiago de Compostela, Ferrol e Riveira.
- **Deputaci3n de Pontevedra**, acompa3amento t3cnico no proxecto Pousadas do Saln3s, Plan de accesibilidade para o complexo Pr3ncipe Felipe e avaliaci3n e acompa3amento en obra do Proxecto de Dotaci3n de Accesibilidade aos Recursos Tur3sticos da Comarca do Saln3s.
- **Mancomunidad Arousa Norte**, curso sobre *Accesibilidade Universal* como *Oportunidade de Negocio*.
- **Turismo R3as Baixas**, curso sobre *Accesibilidade Universal no Turismo*.
- **COGAMI**, an3lise das condici3ns de accesibilidade dos centros de Tomi3o (Vontade), A Coru3a (A Milagrosa) e Lugo (Fingoi). Colaboraci3n na elaboraci3n do proxecto do novo centro de recursos para persoas con discapacidade de Mos (CRD Mos).



Charla sobre accesibilidade en Pontevedra



Como estaba antes a rúa Xoán XXIII en Santiago



Como quedou tras arranxar a rúa Xoán XXIII

## 4. Campañas e colaboracións

A Área de Accesibilidade está presente en actividades desenvolvidas por outras institucións e entidades como:

- **Levagalia**, doazón de cinco cadeiras de rodas xerriáticas para actividades de apoio e formación.
- **Xunta de Galicia**, Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade e Plan Director de Mobilidade Alternativa.

- **Concello de A Coruña**, membro do GAC (Grupo Acceso Coruña) e participación nas xornadas técnicas de formación aos técnicos municipais.
- **Concello de Vigo**, membro do Consello de Accesibilidade.
- **Universidade de A Coruña**, xornada de formación na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.



Sensibilización sobre barreiras tras unha charla en Mondariz



## 1. FORMACIÓN

Adáptase ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade para que adquiran as competencias necesarias para o seu desenvolvemento profesional.

### Formación profesional ocupacional

COGAMI implantou no servizo de formación en 2008 un Sistema de Xestión da Calidade baseado na Norma UNE-EN-ISO 9001:2000.

Este servizo ten como principais clientes ás persoas con discapacidade, ás que se lles ofrece formación profesional ocupacional.

En 2013 realizáronse **43 cursos** de Formación Profesional Ocupacional nos que **participaron 567 persoas**. A maior parte da formación foi presencial, alcanzando os 40 cursos e os 525 alumnos/as, sendo 3 a distancia cunha participación de 42 persoas. Un total de 186 persoas realizaron prácticas en empresas, tras rematar a acción formativa.

As temáticas dos cursos impartidos foron de técnicas administrativas de oficina, xestión de

stocks, almacén e control de caixa, ofimática básica, controlador de accesos, telefonista-recepcionista, viveirismo, teleoperador, caixeira de supermercado e xestión administrativa contable.

### Cursos AFD

Do total de accións formativas realizadas en 2013, impartíronse 9 cursos de AFD nos que participaron 135 persoas que se formaron en gravación e tratamento de datos e documentos, en operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais e actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

### Cursos de educación a distancia

Dos 3 cursos de formación a distancia realizados, participaron 42 persoas, procedendo o 86% de zona rural. Para a realización destes cursos utilizamos o acceso a Internet mediante RTC, ADSL, conectado con ordenadores monopraza que lles permite formarse dende o propio domicilio.

Os cursos realizados foron de:

- Técnicas administrativas de oficina
- Xestión administrativa contable



Convenio entre Programa Incorpora de "la Caixa" e empresarios de Ferrol



Aula TIC no CRD de Fingoi



Curso de viveirismo realizado en Arzúa

- Informática e aplicacións especiais para persoas con grande discapacidade.

## 2. EMPREGO

A incorporación das persoas con discapacidade ao mercado laboral é fundamental para lograr a total inclusión e a participación normalizada dentro da sociedade.

### Servizo de intermediación laboral

É en 1996 cando COGAMI crea o Servizo de Intermediación Laboral, o SIL, unha aposta indiscutible de que se quere buscar a inclusión das persoas con discapacidade a través do emprego. Como centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, o SIL está integrado por 7 oficinas (A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) que atenden tanto ás necesidades propias da contorna urbana como nas áreas rurais.

Dende 2007 o SIL ten implantado o Sistema de Xestión da Calidade baseado na Norma UNE-EN-ISO 9001:2000 e en 2013 contou cun equipo formado por 40 orientadoras/es laborais, axentes de emprego e técnicas/os de inserción laboral.

As persoas con discapacidade e as empresas son as principais clientes deste servizo e, en función do cliente, as accións deste servizo céntranse en:

### No caso das persoas con discapacidade, proporciónalle axuda na busca activa de emprego a través de:

- Información, asesoramento, orientación e motivación
- Captación de ofertas de traballo
- Recursos formativos e laborais

### No caso das empresas, proporciónalle:

- Traballadoras/es cualificados para atender ás súas demandas de emprego (2 persoas candidatas en 48 horas)
- Asesoramento e información sobre contratacións, axudas ou bonificacións, adaptación dos postos de traballo, etc.
- Apoio á empresa no proceso de incorporación de persoal

### Sendo as súas principais actividades as seguintes:

- Entrevistas ocupacionais
- Orientacións laborais
- Visitas a empresas
- Accións grupais de técnicas de busca de emprego
- Xestión de ofertas de emprego

### O SIL en datos

O SIL conta en 2013 cun total de **1.697 novas persoas usuarias**, incorporadas á base de



datos como demandantes de emprego, que dispón de 28.006 persoas inscritas.

O SIL, ademais, realizou **2.797 entrevistas de orientación laboral** derivadas directamente polo Servizo Público de Emprego de Galicia e **visitou 639 empresas**, o que propiciou que se captaran **1.340 ofertas de traballo**, das que 1.177 foron cubertas por persoas usuarias do servizo de emprego de COGAMI.

Centro especial emprego	481	21,5
Empresa ordinaria	1.744	78,5
<b>TOTAL</b>	<b>2.225</b>	<b>100 %</b>

Co fin de potenciar todas as posibilidades de inserción do SIL, as e os orientadores laborais levaron a cabo **47 accións grupais de técnicas de busca de emprego** nas que **participaron 416 persoas** usuarias do servizo.

## PROGRAMAS DE EMPREGO

Estando enfocados a mellorar a inserción laboral daquelas persoas con discapacidade que teñen máis dificultades á hora de inserirse, o SIL desenvolve os seguintes programas:

- **Programa Vodafone para a inserción laboral das persoas con discapacidade en Galicia a través do uso das TIC's** contou coa participación de 150 persoas desempre-

gadas, das que 86 lograron inserirse, o 57,33% das/os participantes.

- **O Programa Integrado para a igualdade de oportunidades na inserción laboral de persoas con discapacidade** consta da execución de accións que buscan informar, asesorar, formar e capacitar a 100 persoas que participaron en 6 accións grupais sobre redes sociais e ferramentas 2.0, que formaron parte dun proxecto de videocurriculum, que presenciaron nalgúns dos 7 seminarios sobre autoemprego, nalgunha das 7 accións formativas de alfabetización informática e que, finalmente, lograron inserirse no mercado laboral 57 persoas, o 57% das/os participantes.

## 2.225 insercións laborais logradas polo SIL en 2013

- **O Programa INCORPORA de Fundación "la Caixa"** ten por obxecto impulsar a inserción laboral de colectivos especialmente fráxiles, a persoas en situación de risco de exclusión social, aquelas con grandes dificultades de acceso ao mercado laboral. En 2013 a través do Incorpora atendéronse a 365 persoas, visitáronse 157 novas empresas, logrando 88 insercións, a sinatura de 2 convenios con entidades e 8 convenios con empresas.



O presidente de Fundación Vodafone España visita COGAMI



Sinatura de convenio coa Fundación Vodafone

Lecer



O lecer é necesario para acadar o benestar pero, as condicións en que se realiza, deben satisfacer as necesidades de todas/os, sen exclusións e sen discriminacións, garantindo o exercicio deste dereito.

Dende as asociacións membro, federacións e centros de COGAMI, foron moitas as actividades desenvolvidas entre as que destacan saídas e excursións, encontros, festivais, xornadas de pesca, deportivas, convivencias, descensos en piragua,...

Dende a Área de Lecer desenvólvense tanto actividades organizadas por COGAMI en colaboración e/ou co patrocinio ou subvención doutras entidades e/ou organismos, como actividades que, organizadas por outras entidades, organizacións ou pola propia administración, son interesantes para as persoas con discapacidade.

Na Área de Lecer desenvólvense un total de **86 actividades** nas que participaron un total de **1.333 persoas**.

## Actividades desenvolvidas por COGAMI en colaboración ou co patrocinio doutras entidades

**PROXECTO GAVEA:** Patrocinado por **Obra Social "la Caixa"**, e coa colaboración de **Portos de Galicia**, nace en 2002 co propósito de fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades náutico- deportivas, derribando as barreiras que impiden o uso

do medio mariño. Durante 2013 o veleiro Laion participou nunha volta a Galicia, en bautismos de mar en Ares e Sada, na regata SAR Infanta Elena en A Coruña e tamén se desenvolveron escolas de iniciación á vela lixeira nos náuticos de Camariñas, Ares, Ribadeo e Vigo.

Máis de 3.300 persoas tiveron a oportunidade de achegarse aos segredos da vela dende os comezos do proxecto no ano 2002, entre participantes, monitores, acompañantes e tripulación voluntaria; conformando, nesta edición 2013, un total de 398 participantes, á marxe do elevado número de voluntarios que colaboraron con nós, entre os que destaca a FUNDACIÓN ALCOA.

**HIPOTERAPIA / EQUITACIÓN ADAPTADA:** Os días 9 e 16 de decembro un grupo de 17 persoas con discapacidade de COGAMI- Coruña, grazas á subvención concedida polo Concello de A Coruña, participou nunha actividade de hipoterapia / equitación adaptada. A actividade foi realizada nas instalacións da Real Sociedade Deportiva Hípica A Coruña en Morás (Arteixo).

**TENIS ADAPTADO:** Tamén financiado polo Concello de A Coruña, esta actividade desenvolveuse o 11 de decembro na Escola de Tenis Marineda (Cambre) e contou coa participación de 13 persoas.

**MERGULLO ADAPTADO:** Nesta ocasión foron 12 as persoas participantes que se desprazaron ata a piscina da Residencia Rialta (A Coruña) o día 18 de decembro. O financiamento aportouno o Concello de A Coruña.



Escola de vela no Club Náutico de Sanxenxo



Bautismo de mar a bordo do veleiro Laion



Clases de tenis adaptado impartidas na Escola de Tenis Marinada



Sesión de Hipoterapia na RSD Hípica de A Coruña

**PROGRAMA DE LECER NÁUTICO:** En colaboración coa Fundación Mapfre e o Real Club Náutico de Sanxenxo, levamos a cabo un programa de lecer náutico centrado en achegar o deporte da vela ás persoas con discapacidade, e que conxugaba, por unha banda, un curso de iniciación á vela de 20 horas de duración e, por outra, un programa de vacacións coa finalidade de proporcionar unha experiencia de vida diferente, nun ambiente novo, cun programa de actividades o suficientemente flexible para poder adaptalo ás necesidades de cada persoa, proporcionando tamén o necesario “respiro” para a familia e para persoa con discapacidade en relación á propia familia. Desenvolvéronse un total de 7 quendas de 5 días de duración nas que participaron un total de 114 persoas.

**ROTEIRO SOBRE RODAS:** Grazas ao apoio de persoas voluntarias da Fundación ALCOA a través do Programa de Voluntariado ALCOANS IN MOTION realizamos unha ruta en bicicleta dende o Castelo de San Antón ata a Torre de Hércules, onde personalizamos e voamos cometas e discos. Na actividade tamén colaboraron o Concello de A Coruña, Fundación María José Jove, ASPACE Sada, EMVSA, Protección Civil, Policía Local, Cruz Vermella, Escola de Tenis Marinada, Marina Coruña... e leváronse a cabo dúas rutas nas que participaron un total de 124 persoas.

**ESCOLAS DE TENIS ADAPTADO:** En colaboración coa Federación Galega de Tenis estamos a traballar na posta en funcionamento de Escolas de Tenis Adaptado coa finalidade de achegar o deporte do tenis ás persoas con

discapacidade. En 2013 desenvolvemos novas escolas en Santiago e Vigo, tendo continuidade a de Lugo e Ourense, participando un total de 95 persoas.

**VISITA AO AQUARIUM FINISTERRAE:** O pasado 9 de maio persoas usuarias do Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade de Fingoi en Lugo e de AUXILIA Monforte e AGORA realizaron unha visita ao AQUARIUM FINISTERRAE. Participaron un total de 69 persoas.



Sesión de mergullo na que participaron persoas usuarias de COGAMI en A Coruña

## Actividades doutras entidades nas que participamos

DATAS	ENTIDADE	ACTIVIDADE	LOCALIZACIÓN	PARTICIPANTES
2 de febreiro	CRD Mos AVANZAR	CURSO DE VELA ADAPTADA	Real Club Náutico de Sanxenxo	9 persoas
9 de maio	ADISBISMUR AGORA AUXILIA Monforte CRD Fingoi ÍNTEGRO	III OPEN INTERNACIONAL CIDADE DE A CORUÑA DE TENIS EN CADEIRA DE RODAS (Escola de Tenis Marineda)	Cambre	125 persoas
10 de maio	ADAPTA ANDADE COGAMI Coruña CRD Monteporreriro			50 persoas
Do 10 ao 12 de maio	CRD Fingoi	XUVENTUDE GALIZA NET (Xunta de Galicia)	Santiago de Compostela	23 persoas
	CRD Mos			11 persoas
5 de xuño	ADISBISMUR AMICO AVANTE MISELA	DÍA DA FUNDACIÓN DECATHLON	Santiago de Compostela	73 persoas
11 de agosto	ACEM ADAPTA AMARAI AVANZAR	TORNEO IBERDROLA DE VELA	Real Club Náutico de Sanxenxo	17 persoas
15 de setembro	CRD Mos ADAPTA	REGATA CORTE INGLÉS MASTER	Real Club Náutico de Sanxenxo	15 persoas
18 de setembro	AMICO	XORNADA DE SENDERISMO (Fundación Deporte y Desafío)	Santiago de Compostela	9 persoas
21 de setembro	ADISBISMUR AMICO IBERDROLA ÍNTEGRO RCNS	DÍA DO VOLUNTARIADO DE IBERDROLA	Real Club Náutico de Sanxenxo	104 persoas
17 de outubro	CRD Medelo	CURSO DE VELA ADAPTADA	Real Club Náutico de Sanxenxo	23 persoas
16 de novembro	DISCAFIS COGAMI AODEM	CONCERTO DE AMIZADE GALICIA-ESCOCIA (Deputación Provincial de Ourense, Concello de O Carballiño e Iberdrola)	O Carballiño	9 persoas
26 e 27 de novembro	AMICO COGAMI	FLASHMOB (Felicitación de Nadal de DECATHLON Santiago)	Santiago de Compostela	14 persoas
4, 11 e 18 de decembro	AMARAI	CURSO DE HIPOTERAPIA/ EQUITACIÓN ADAPTADA	Real Sociedade Deportiva Hípica A Coruña	9 persoas



Actividade realizada durante o programa de voluntariado corporativo de Fundación Alcoa



Programa de voluntariado corporativo de Fundación Alcoa

Trabalho social






Este servizo ten como obxectivo mellorar a atención ás persoas con discapacidade e familias así como dar resposta ás necesidades de información por parte das entidades públicas e privadas vinculadas ao sector social.

### Rede de información, asesoramento e orientación

A área de Traballo Social conta con puntos de atención nas oficinas de COGAMI e nas asociacións membro que se estruturan en cinco áreas diferenciadas, segundo sexa a procedencia das consultas:

- ▶ Información xeral
- ▶ Formación e emprego
- ▶ Asesoramento xurídico
- ▶ Asesoramento en accesibilidade
- ▶ Informacións que derivan en intervencións sociais

COGAMI	126
Asistencia Persoal	292
Educación	33
Voluntariado	61
Centros especiais de emprego	20
Axuda Domiciliaria	14
Promoción da Autonomía Persoal	70
Certificado de Discapacidade	508
Emprego	319
Vivenda	57
Accesibilidade	264
Axudas Económicas	465
Centros Residenciais	29
Asociacionismo	104
Lecer	121
Autoemprego	72
Produtos de apoio	72
Formación	163
Outros	315
<b>TOTAL</b>	<b>3.105</b>



## 3.105 consultas realizadas

### Xestión de recursos

Temos persoas usuarias que teñen dificultade á hora de presentar a solicitude dos recursos aos que queren optar. Neste sentido, apórtase tanto axuda de carácter informativo como tamén para cubrir solicitudes, oríéntaselles cara ao organismo ao que deben dirixir a solicitude,... ou realízase un acompañamento no proceso.

### máis de 200 xestións de recursos



Intervención cunha persoa usuaria

### Intervención social

Realizamos intervencións profesionais, encamiñadas á promoción da igualdade e á normalización. Os niveis de intervención social dende os que traballamos son:

- Traballo e apoio social coas persoas con discapacidade, a nivel individual e persoal.
- Traballo e apoio social coas familias.
- Traballo e apoio grupal (aulas, cursos de formación a distancia, obradoiros prelaborais,...)
- Traballo coa comunidade, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.



**Áreas de actuación**

<p><b>Muller</b>, en situación de discriminacións e prexuízos inxustificadas que a privan de exercer dereitos en igualdade de condicións</p>	Intervención Social continuada	135 mulleres e as súas familias
	Recursos de apoio e acompañamento a vítimas de violencia	68 mulleres
	Cursos de formación especializada en discapacidade, xénero e violencia contra as mulleres con discapacidade	67 mulleres e 13 homes
	IV Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva	12 mulleres
	Programa de Mentorado	28 mulleres
<p><b>Menores/Educación:</b> para lograr integración educativa obrigatoria e defender os seus dereitos</p>	Menores e familias con idades entre 1 e 17 anos	12 menores
<p><b>Persoas con grande discapacidade:</b> Xestionamos o <i>Servizo de Promoción da Autonomía Persoal</i>, centrándonos no asesoramento de cara á autoxestión por parte da persoa usuaria e nas/os Asistentes Persoais</p>	Servizo de Promoción da Autonomía Persoal: xestión da AP	56 usuarias/os e 70 asistentes persoais
	Curso de informática e aplicacións especiais para persoas con grandes discapacidades	12 persoas
<p><b>Outras intervencións:</b> Actuacións encamiñadas á consecución de reforzo de habilidades sociais, mantemento do emprego, fomento da participación en actividades normalizadas, acompañamentos, acceso ou continuidade á formación, coñecemento de dinámicas familiares, apoio psicosocial,...</p>	Reforzo de habilidades sociais, mantemento do emprego, fomento da participación en actividades normalizadas, acompañamentos, ...	68 persoas
<p><b>Transporte Adaptado:</b> Realizáronse cursos de formación de <i>atención a persoas con discapacidade física</i> para persoal técnico da empresa Rías Baixas e Cuiña (conductoras/es e acompañantes de transporte adaptado)</p>	Cursos de formación	3 cursos e 60 persoas participantes
<p><b>Beneficio á Comunidade:</b> Mantemos un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Política Social para a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade</p>	Prestación de servizos en beneficio á comunidade	4 persoas
<p><b>Centros ocupacionais e aulas de educación de adultos:</b> Desenvolvemos un traballo conxunto (seguimentos, coordinacións, reunións) con traballadoras/es sociais e educadoras/es dos servizos sociais de atención primaria municipais e de saúde, con profesionais doutras entidades públicas ou do movemento asociativo para a prestación dos servizos ou realización de actividades</p>	Programa de apoio ao desenvolvemento integral das persoas con discapacidade	203 usuarias/os e 194 familias



Xornada realizada en Santiago co gallo do día contra a violencia

## Voluntariado

A Rede de Voluntariado de COGAMI nace a finais de 2001 para canalizar os proxectos de voluntariado que se desenvolven na organización. Destacan os programas:

- Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade dentro e fóra do domicilio, natación terapéutica, apoio educativo...
- Sensibilización e concienciación en temas de discapacidade.

- Formación básica e especializada en voluntariado e discapacidade.

Durante 2013, comezaron a colaborar con nós un total de **106 persoas**, conformando a nosa bolsa de voluntariado un total de **314 persoas**, podendo afirmar que, como media, son **132 persoas voluntarias** as que participaron en actividades que benefician a un total de **7.090 persoas** (persoas con discapacidade e as súas familias).

## Contamos con 314 persoas voluntarias

### Actividades realizadas durante 2013 sobre voluntariado:

Actividades COGAMI	Programas de Voluntariado de COGAMI	132 persoas voluntarias. 7.090 persoas beneficiarias directas e indirectas
Charlas e seminarios	Seminario de Formación Básica en Voluntariado "Atención á Diversidade" en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela	1 persoas voluntarias. 90 persoas beneficiarias
	Campañas de <i>Promoción do Voluntariado</i>	En función da necesidade e/ou demanda
Campamentos	<i>Programa de lecer náutico</i> para persoas con discapacidade de Galicia	2 persoas voluntarias 21 persoas beneficiarias
Colaboracións coa Administración	Participación no IV <i>Encontro Galego de Mobilidade Xuvenil</i> organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado	1 persoa voluntaria
	Participación no <i>Programa de Voluntariado Dixital: Apoio ofimático</i> en O Carballiño	2 persoas voluntarias 1 persoa beneficiaria

## Sensibilización e concienciación

Co fin de sensibilizar e concienciar á poboación sobre aspectos da discapacidade, realizáronse 26 charlas dentro das Campañas de prevención de lesións medulares nas que participaron 698 persoas.

No marco da Campaña de concienciación e normalización da discapacidade participaron un total de 906 persoas nas 23 xornadas de concienciación e normalización da discapacidade en colexios IES, CEIP, Universidades, Fundacións e Aulas de Concellos.



Charla de prevención de lesións medulares no colexio La Salle de Santiago

# Comunicación e Relaciones Institucionais




## Comunicación

COGAMI conta cun sistema de comunicación interno e externo no que intenta dar a coñecer as actuacións e reivindicacións da entidade. A área de Comunicación difunde o labor de COGAMI ao persoal laboral, persoas usuarias e familias, entidades membro, grupo de empresas, financeiros, colaboradores e resto da sociedade.

## Comunicación externa

- **Páxina web:** A páxina web de COGAMI ([www.cogami.es](http://www.cogami.es)) recibiu en 2013 **107.384 visitas**, sendo novas o 47%.
- **Difusión nos medios:** Dentro da comunicación externa, é importante a difusión que nos fan os medios de comunicación galegos, alcanzando este ano as **2.451 publicacións**. Dende COGAMI enviamos a estes medios **152 notas de prensa** das que se publicaron o 79%.

Evolución insercións das noticias de COGAMI nos medios de 2007 a 2013.



- **Boletín:** Seguimos publicando trimestralmente O Boletín, cunha tirada de 1.200 exemplares que se envían por correo postal a traballadoras/es da entidade, entidades membro, traballadoras/es do grupo de empresas, voluntariado, Xunta, Deputacións e Concellos. É posible ver O Boletín na web de COGAMI tanto en galego como en castelán, e tamén, nas redes sociais.
- **Blog:** O blog de COGAMI serve para contar esas historias persoais ou profesionais de persoas usuarias da entidade. Contou en 2013 con 4.003 visitas.



Commemoración en Santiago de Compostela do Día da Discapacidade



Convenio coa Consellería de Sanidade



Convenio co Instituto Galego de Consumo



Convenio co Concello de O Porriño



Convenio co Concello de Ferrol

- **Eventos:** En 2013 innovamos co lanzamento dun concurso de fotografía durante o Día da Discapacidade a través da páxina web e da rede Social Facebook, co fin de que as persoas participantes amosaran a celebración desta data a través dunha foto. Participaron 33 fotos a concurso que conseguiron 1.895 votos. Tamén se instalou unha mesa informativa nun centro comercial compostelán no que se habilitou un photocall que pretendía visibilizar este día e captar novas persoas seguidoras no Facebook.


## Comunicación interna


- Asesoramos e colaboramos coas entidades membro de COGAMI en materia de comunicación, desenvolvendo durante 2013, xunto coa área de Fortalecemento do movemento asociativo, un curso sobre redes sociais e, tamén, apoiamos a difusión de actividades do movemento asociativo.
- Enviamos quincenalmente un Newsletter, a Gaceta Dixital, a todo o persoal laboral e movemento asociativo con información sobre concursos, convocatorias e actividades de interese común.


## Redes sociais


COGAMI consolida e incrementa a súa presenza nas redes sociais.


 conta con **2.726 seguidores/es** que deixaron 117.490 comentarios ou “me gusta”.

 @COGAMI\_Galicia ségueno **1.026 persoas** e durante 2013 publicou **353 Tweets**.

 ten **884 contactos** e este ano creou un grupo dentro da páxina para falar máis polo miúdo sobre formación e emprego.

 é unha rede que tarda máis en contactar con novas persoas usuarias, contando en 2013 con 71 amigas e amigos.

 os vídeos que están subidos á canle que ten aberta a entidade acumularon **9.244 reproducións**.

 aglutina todas as entrevistas de audio que as radios lles fan aos líderes de COGAMI. Tivo **658 descargas**.



Convenio coa Consellería de Educación



Sinatura de convenio coa Cámara de Comercio de Santiago

## Colaboracións

- **AGARESO:** A área de comunicación de COGAMI colabora coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios participando en seminarios como o que se desenvolveu en Santiago sobre Xornalismo Social e Cooperación Internacional.
- **CO ESTUDANTADO:** A área de comunicación de COGAMI colabora activamente cos grupos de traballo da facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, tanto cedendo espazos e dereitos de imaxe para que realicen reportaxes audiovisuais como aportando información sobre a propia área para que a poidan analizar posteriormente.

servizos. En 2013 asináronse en COGAMI **60 alianzas** que engloban contratos e convenios de colaboración tanto con entidades do terceiro sector como con fundacións, empresas privadas, coa administración pública,... e que comprenden dende prácticas, ata apoio financeiro, de material, de medios humanos, colaboracións en actos, actividades e programas.

## Relacións institucionais

As colaboracións tanto coa Administración pública como co sector privado son fundamentais para poder desenvolver diferentes



Entrevista para a TVG



Xuntanza co Conselleiro de Industria



Presentación da campaña IRPF da declaración da renda



## Proxectos

Pola súa propia natureza e misión, COGAMI ten que cumprir as expectativas dos seus principais grupos de interese e darlles respostas. Moitas veces é tal o dinamismo que estamos a intentar adiantar respostas antes de que se formulen as preguntas. Tanto que a innovación é un dos nosos valores de xestión. Para innovar hai que ter ideas e esas ideas teñen que converterse en proxectos para poder formular a actividade/servizo ou resposta que queremos ofrecer e buscar a maneira de facelo e financeiro.

Durante 2013 **presentamos 59 proxectos**, sendo líderes en 43 e participando como socio no resto. Destes proxectos foron aprobados 25, e 15 aínda están pendentes de resolver.

Os proxectos aprobados e desenvolvidos ao longo deste ano están enmarcados nos seguintes ámbitos de actuación:

- Formación e emprego
- Promoción da autonomía persoal
- Información, asesoramento e orientación

- Prevención da discapacidade e saúde
- Lecer
- Muller con discapacidade
- Igualdade de xénero
- Voluntariado

Dentro dos proxectos aprobados en 2013, destacamos a aprobación da nosa participación en varios proxectos europeos enmarcados no "Programa de Aprendizaxe Permanente" da Unión Europea, que nos vai permitir explorar como o fomento das capacidades e habilidades artísticas das persoas con discapacidade pode repercutir na mellora da súa calidade de vida.

A Área de Proxectos presentou tamén apoio ás federacións provinciais e ás asociacións membro de COGAMI en 17 ocasións para a preparación de diversos proxectos, dos que 8 foron aprobados e 1 está pendente de resolución.

Esta área tamén destaca a realización de dous plans a desenvolver para 2014:

- Plan de Captación de Fondos Privados.
- Plan de RSC COGAMI con empresas.



Xuntanza en Santiago do Proxecto Be Able



Acto de entrega do Selo EFQM +400

## Calidade

A innovación e a mellora teñen que ter como base un sistema de xestión da calidade que proporcione información sobre a consecución dos obxectivos estratéxicos e operativos da organización e, polo tanto, sobre o grao de consecución da misión de COGAMI. Ao longo de 2013 continuouse no camiño cara á excelencia destacando as seguintes actividades:

- Consecución do SELO EXCELENCIA EUROPEA 400+EFQM.
- Renovación da certificación EN ISO 9001:2008 no SIL e en FORMACIÓN.

- Mantemento do modelo de xestión de COGAMI baseado no modelo EFQM.
- Elaboración dun Plan de Implantación da metodoloxía de xestión por obxectivos.
- Definición da cesión do sistema de xestión e/ou apoio na implantación dos procesos dos centros de recursos para persoas con discapacidade.
- Elaboración do Plan de RSC de COGAMI.
- Participación activa no Club de Avaliadores sociais EFQM promovidos pola FUNDACIÓN DEVELOP.



Xornada sobre Ética e Empresa organizada por COGAMI



Proxecto de Cooperación Internacional con Yankana Huasi

## Cursos de formación continua

A calidade nos servizos que presta COGAMI vén garantida pola formación continua á que se someten as súas e os seus profesionais.

En 2013 impartíronse 15 cursos de formación nos que participaron 225 traballadoras/es da entidade.



Xornada de traballo do proxecto Be Able en Roma


Grupo Empresarial  
COGAMI



## Galega de Economía Social

COGAMI, como socio fundador de Galega de Economía Social, ten participación maioritaria na empresa matriz do grupo empresarial.

O Grupo Empresarial Galega de Economía Social está constituído por dez Centros Especiais de Empleo que operan en sectores estratéxicos de actividade competindo con outras empresas que se caracterizan en maior medida por estar fortemente profesionalizadas e rexerse por principios puramente económicos.



Traballadores da planta de Coregal en Santiago



Premio Integra BBVA

O ano 2013 caracterizouse por ser un ano de grandes dificultades polo enquistamento da crise na contorna económica e financeira afectándolle, de xeito moi importante, ás distintas capas do tecido empresarial. Do mesmo xeito, os centros especiais de emprego do Grupo Empresarial víronse afectados por este contexto de incerteza que implicou unha caída do consumo e un axuste permanente das marxes, afectando dalgún xeito nas previsións de facturación e resultados comerciais planeados.

Todas as empresas tiveron a necesidade de reorientar as estratexias comerciais e, algunhas delas, de tomar medidas de readaptación organizativa e estruturais, que lles permita competir nun contexto de caída de consumo con escasas marxes.

A consolidación e mantemento dos centros especiais de emprego pasa por garantir a sostibilidade económica das empresas como base para a xeración de emprego estable, tanto a través das empresas actuais como a través de novos proxectos empresariais como ferramentas para a inclusión laboral e social das persoas con discapacidade.

## Evolución das empresas

Durante 2013, traballouse especialmente na mellora da produtividade e da competitividade, tamén no posicionamento no mercado e na mellora da imaxe de marca. A aposta pola innovación e a mellora dos procesos, xunto coa formación continua, son piares básicos para saír fortalecidos destes tempos de dificultade.

Atendendo á evolución económica e financeira e aos principais feitos anteriormente expostos, o grupo de empresas prevé pechar 2013 cun volume agregado de facturación de 16,5 millóns de euros, un 4% por debaixo dos obxectivos fixados nos orzamentos para o ano 2013. O volume de activos estimado a peche é de 17 millóns de euros. Por outra banda, acometéronse os investimentos necesarios que permitan a continuidade das estratexias adoitadas por preto de 600 mil euros.

## Evolución do emprego

Tendo en conta a situación de baixada de consumo nunha contorna económica difícil, a finais de 2012 o cadro de persoal do grupo está



formado por 458 persoas traballadoras, das cales, máis do 90% teñen algunha discapacidade (sendo esta física no 74% do persoal e cun grao superior ao 65% no 6,7% dos casos). A evolución do emprego caracterizouse, en termos xerais, pola necesidade de facer reaxustes para afianzar os postos de traballo xerados en anos anteriores e vencellados ao afianzamento das expectativas de viabilidade das distintas iniciativas, apostando por estruturas de emprego máis sólidas e profesionais nun contexto económico complexo e de forte competitividade.

### Subvención e axudas financeiras

Dende o Departamento Financeiro, xestionouse unha subvención vencellada ao saneamento financeiro e á estabilidade orzamentaria de empresa Rede Galega de Kioscos, S.L. concedida pola Consellería de Traballo e Benestar, por importe de 250 mil euros que constitúe unha medida de apoio pola aposta de viabilizar a empresa nun horizonte de catro anos.

### Activa Social, E.T.T.

En setembro de 2013 comeza a súa andaina ACTIVA SOCIAL, E.T.T., sociedade unipersoal participada por COGAMI. O seu obxectivo é dar solucións de contratación temporal ás empresas e entidades que buscan integrar persoas con discapacidade aos seus cadros de persoal de maneira temporal.

Con esta nova iniciativa, COGAMI ofrece un sistema de apoio integral á contratación, con

múltiples vantaxes como son: redución de custos, cumprimento da cota do 2% para empresas de máis de 50 traballadores, Responsabilidade Social, e unha ampla estrutura organizativa e funcional.

No último trimestre do ano, ACTIVA fixo un total de 47 visitas a empresa para dar a coñecer os seus servizos en canto a selección, seguimento dos traballadores e asesoramento. Deste labor comercial, un 50% das empresas solicitaron orzamento e conseguíronse os primeiros tres clientes.

### Combina Social

Foi creada en 2009 co obxecto de inserir laboralmente a persoas con discapacidade a través da realización de Servizos Auxiliares a empresas, que lle permiten ás organizacións externalizar con éxito aquelas áreas nas que a empresa non presenta unha vantaxe competitiva. Desta forma poderán focalizarse nas súas capacidades estratéxicas e na busca de novas oportunidades.

Os servizos nos que estamos especializados son os seguintes:

- Servizo de limpeza e mantemento
- Xestión de almacéns e actividades loxísticas
- Xestión de chamadas
- Recepcionistas
- Control de accesos
- Xestión de aparcadoiros
- Xestión contable
- Xestión e prestación de servizos comunitarios



Traballadores da empresa de despece ecolóxica de vehículos Trameve



Persoas traballadoras de Galega de Economía Social



- Xestión e prestación de servizos sociosanitarios
- Formación
- Transporte de comida quente
- Asistencia persoal
- Servizos de consultaría

A media de persoas traballadoras de COMBINA en 2013 foi de 69 persoas, tendo discapacidade case o 93% do cadro de persoal, que ascendeu nun 53% en comparación co exercicio anterior.

## Formación

A área de formación traballou na ampliación do abano de oferta, de cara á captación de novo público obxectivo, como son: empresas, particulares, traballadores do terceiro sector, entidades de formación, etc. Concrétase en 3 accións:

- Homologación de aulas AFD para ampliación de especialidades
- Xestión de convenios de colaboración con empresas de formación
- Organización de cursos de especialización propios

## Transporte adaptado

COGAMI dende 2011 ofrece servizos de transporte especial para facilitar a mobilidade a

persoas con discapacidade ante a imposibilidade do uso dun transporte normalizado.

Presta servizos regulares de transporte adaptado a centros de atención de persoas maiores e aos propios centros de recursos para persoas con discapacidade de COGAMI. Ademais, tamén realiza servizos de carácter discrecional a particulares (grupos e empresas) e presta o servizo do 065 en Ferrol, en colaboración con Autos Camilo. Outra das colaboracións establecida é con Autocares Rías Baixas no servizo de transporte a centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Actualmente, o transporte adaptado conta cun cadro de persoal que supera as 30 persoas traballadoras e transporta diariamente a 175 persoas.

## Centros de día para persoas maiores

Os centros de día para persoas maiores son centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias que, durante o día, prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no ambiente habitual. O horario de atención é de 8:00 a 20:00 horas de luns a venres.

COGAMI iniciou a xestión de 6 centros de día en 2010, sendo estes de titularidade pública do



O Conselleiro Delegado de GES charla co Alcalde de Cabana de Bergantiños tras a sinatura de convenio da empresa de xardinería Dixardín (traballando ao fondo)




Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Actualmente a concesión é de 8 centros de día (Baiona, Begonte, O Porriño, Rois, Tomiño, Vigo (Coia), Vilagarcía, Xinzo de Limia. A maiores temos outro en Vigo (Valadares), pendente de abrir no primeiro trimestre de 2014, e outro en Cuntis.


### Perfil das persoas usuarias

As persoas usuarias dos centros de día xestionados por COGAMI adoitan ser persoas de idade avanzada, o tramo maioritario é o de 80 a 84 anos. En total son 292 persoas usuarias nos 8 centros de día, dos cales 74 son homes e 218 son mulleres. Reflicítese nos seguintes gráficos a situación de cada centro en relación ao número de persoas usuarias:

	HOMES	MULLERES
Baiona	2	21
Begonte	8	19
O Porriño	10	35
Rois	10	31
Tomiño	11	33
Vigo	17	54
Vilagarcía	3	6
Xinzo de Limia	13	19



A progresión de prazas e número de persoas usuarias en 2013 tivo unha tendencia a manter a ocupación máxima (máis do 90%).



### Equipos de traballo

Os equipos de traballo están formados por persoal técnico (Dirección Técnica/coordinación, Traballadoras/es Sociais, Terapeutas Ocupacionais, Psicólogas, Educadoras Sociais, Enfermeiras e Fisioterapeutas), persoal xerocultor, persoal de atención directa e persoal de servizos. O total do persoal ascendía a 111 persoas traballadoras a decembro deste ano (101 son mulleres e 11 son homes), das que o 36,9% son persoas con discapacidade.



Centro de día de Rois

Memoria Económica



## RESUMO DA XESTIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE

O conxunto de actividades desenvolvidas durante o exercicio 2013 tivo a seguinte repercusión sobre a conta de resultados e o patrimonio da entidade:

### 1.1 Ingresos, Gastos e Invetimentos

INGRESOS	2013	2012
<b>1. Prestacións de servizo</b>	<b>3.226.605,63</b>	<b>2.877.390,21</b>
<b>2. Subvencións e ingresos afectos á actividade</b>	<b>3.272.722,36</b>	<b>3.221.605,82</b>
<b>3. Outros ingresos explotación</b>	<b>99.543,29</b>	<b>107.313,64</b>
<b>4. Subvs/doaz/legs.de cap. traspasadas a rdo.</b>	<b>156.124,29</b>	<b>101.807,48</b>
<b>5. Ingresos financeiros</b>	<b>46,46</b>	<b>120,66</b>
<b>TOTAL</b>	<b>6.755.042,03</b>	<b>6.308.237,81</b>

GASTOS	2013	2012
<b>1. Aproveisionamentos</b>	<b>-1.715.169,92</b>	<b>-1.404.166,59</b>
a) Consumo de mercadorías	-97.245,91	-96.729,93
b) Consumo de materias primas e outras mat.		
c) Traballos realizados por outras empresas	-1.388.713,06	-1.160.088,59
d) Axudas monetarias e outros	-229.210,95	-147.348,07
<b>2. Gastos de persoal</b>	<b>-4.028.320,48</b>	<b>-4.002.201,63</b>
a) Soldos, salarios e auxiliares	-3.276.231,54	-3.190.913,36
b) Cargas sociais	-752.088,94	-811.288,27
<b>3. Outros gastos de explotación</b>	<b>-690.143,09</b>	<b>-582.281,15</b>
a) Servizos exteriores	-669.173,24	-587.248,45
b) Tributos	-8.645,82	-13.203,94
c) Perd, deter variac. de prov. por oper. comerc	-9.526,61	
d) Outros gastos de xestión corrente	-2.797,42	-837,34
e) Perdas por deterioro de créditos op. Comerciais		19.008,58
<b>4. Amortización de inmovilizado</b>	<b>-209.009,06</b>	<b>-162.112,98</b>
<b>5. Gastos financeiros</b>	<b>-25.477,62</b>	<b>-33.846,46</b>
<b>6. Resultado enaxenacións inmovilizado e dotac.</b>		
provisións inst. financeiros	1.818,87	-32.060,00
<b>TOTAL</b>	<b>-6.666.301,30</b>	<b>-6.216.668,81</b>
<b>RESULTADOS ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>88.740,73</b>	<b>91.569,00</b>
<b>8. Imposto sobre beneficios</b>	<b>-1.535,38</b>	<b>-782,45</b>
<b>AFORRO EXERCICIO</b>	<b>87.205,35</b>	<b>90.786,55</b>

Durante o ano 2013 leváronse a cabo investimentos nos seguintes activos:

INVESTIMENTOS	2013
1. Construcións	
2. Outras instalacións e utilaxe	1.025,46
3. Mobiliario	43.981,55
4. Equipos para procesar información	22.744,51
5. Outro Inmobilizado material	523,25
6. Construcións en curso	174.784,08
<b>TOTAL</b>	<b>243.058,85</b>

Para levar a cabo estes investimentos, recibíuse financiamento polos seguintes importes:

FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS	2013
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad	110.000,00
Xunta de Galicia	12.862,21
Fundacións	364.500,00
Deputacións	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>487.362,21</b>

Para a realización das actividades contouse co apoio financeiro da administración e entidades privadas, que podemos distribuír do seguinte xeito:



FINANCIAMENTO ACTIVIDADES	2013
Administración Pública Autonómica	2.588.265,63
Administración Pública Local	100.495,02
Administración Pública Estatal	43.997,26
Administración Pública Europea	7.680,33
Administración Pública Provincial	118.302,08
Fundacións Privadas	285.101,70
Financiamento propio (Asistencia persoal + servicios + outros)	3.451.584,95
<b>TOTAL</b>	<b>6.595.426,97</b>

Tamén podemos clasificar a suma destes dous tipos de financiamento do ano 2013 da seguinte maneira:

TIPO DE FINANCEIRO	2013	%	2012	%
1 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ESTATAL	153.997,26	2,17%	359.612,33	5,34%
2 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AUTONÓMICA	2.601.127,84	36,72%	2.747.139,96	40,76%
3 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PROVINCIAL	118.302,08	1,67%	215.638,22	3,20%
4 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL	100.495,02	1,42%	44.825,59	0,67%
5 OBRAS SOCIAIS + FUNDACIONES PRIVADAS	649.601,70	9,17%	236.849,43	3,51%
6 FINANCIAMIENTO PROPIO	3.451.584,95	48,73%	3.114.568,44	46,21%
7 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EUROPEA	7.680,33	0,11%	21.181,19	0,31%
<b>TOTAL</b>	<b>7.082.789,18</b>	<b>100,00%</b>	<b>6.739.815,16</b>	<b>100%</b>




Graficamente:




TIPO DE FINANCIAMIENTO	2013	%	2012	%
PÚBLICO	2.981.602,53	42,10%	3.388.397,29	59,21%
PRIVADO	4.101.186,65	57,90%	3.351.417,87	40,79%
<b>TOTAL</b>	<b>7.082.789,18</b>	<b>100,00%</b>	<b>6.739.815,16</b>	<b>100,00%</b>

Graficamente:



Graficamente:



Ao mesmo tempo, durante 2013 recibíronse subvencións para o financiamento das inversións a acometer no ano 2014 polos seguintes importes:

FINANCIAMENTO RECIBIDO PARA INVERSIONES 2013	2013
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad	400.000,00
Xunta de Galicia	
Fundacións	438.647,00
Deputacións	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>838.647,00</b>



## 1.2 Balance de Situación

ACTIVO	2013	2012
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>9.442.815,88</b>	<b>8.886.449,18</b>
I. Inmobilizado intanxible	557.392,52	136.699,21
III. Inmobilizado material	3.820.625,40	3.768.423,69
V. Inversións en ent. gpo. e asociadas a L/P.	5.062.271,03	4.978.884,01
VI. Inversións financeiras a longo prazo	2.526,93	2.442,27
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>3.174.687,55</b>	<b>3.136.378,55</b>
I. Existencias	3.125,00	3.125,001
II. Usuarios e outros debedores da act. propia	14.384,40	0.203,98
III. Debedores comerciais u outras ctas. a cob.	2.907.788,90	2.485.758,22
1. Clientes vendas e prestación de servizos	2.358.505,39	1.824.813,00
2. Clientes, ent.do grupo e asociadas.	6.510,83	61.980,41
3. Outros debedores	542.772,68	598.964,81
IV. Inversións en ents. grupo e asoc. C/P.	113.167,29	133.762,68
V. Inversións financeiras a curto prazo	30,84	30,84
VI. Periodificacións a curto prazo	1.761,46	3.490,18
VII. Efectivo e outros activos líquidos equival.	134.429,66	500.007,65
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>12.617.503,43</b>	<b>12.022.827,73</b>

PASIVO	2013	2012
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>9.708.371,71</b>	<b>9.171.637,95</b>
A-1) Fondos propios	4.400.408,77	4.311.197,79
I. Dotación fundacional/Fondo social	4.269.510,07	4.178.723,52
1. Dotación fundacional/Fondo social	4.269.510,07	4.178.723,52
II. Reservas	-29.207,49	-28.907,89
III. Resultados de exercicios anteriores	71.965,46	70.595,61
V. Resultado do exercicio	86.605,35	90.786,554
A-2) Subvencións, doaz, legados outros ax. en P.N	5.307.962,94	.860.440,16
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>10.008,80</b>	<b>34.670,98</b>
II. Débedas a longo prazo	10.008,80	34.670,98
1. Débedas con entidades de crédito	2.685,17	6.265,13
3. Outras débedas a longo prazo	7.323,63	28.405,85
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>2.899.556,32</b>	<b>2.816.518,80</b>
II. Débedas a curto prazo	1.922.291,78	2.160.459,83
1. Débedas con entidades de crédito	113.148,75	1.138.517,70
5. Outros pasivos financeiros	1.809.143,03	1.021.942,13
III. Débedas con ents. grupo e asoc. a curto prazo	216.000,00	0,00
IV. Beneficiarios-Acredores	2.364,50	9.399,98
V. Acredores comerciais e outras ctas. a pagar	760.538,88	645.894,99
1. Provedores	294.569,01	304.814,67
2. Outros acredores	465.969,87	341.080,32
VI. Periodificacións a curto prazo	-103,46	764,00
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>12.617.936,83</b>	<b>12.022.827,73</b>

Asociacións Membro

**CEGASAL**

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro executou en 2013 cursos de formación dirixidos a persoas traballadoras con discapacidade, sendo estes de animación social de persoas en situación de dependencia e de condución eficiente de vehículos. Outras das actividades desenvolvidas estiveron relacionadas coa información e asesoramento tratando de responder ás peticións de apoio e consultas recibidas; ademais, mantivo encontros con organizacións empresariais sectoriais e mantivo relacións con institucións que fomentan a consecución dos retos expostos polos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e a realidade socio laboral das persoas con discapacidade.

Integra un total de 18 centros especiais de emprego nos que traballan 773 persoas.

Tlf: 981 574 698  
e-mail: [info@cegasal.com](mailto:info@cegasal.com)  
web: [www.cegasal.com](http://www.cegasal.com)

**AGADHEMO**

A Asociación Galega de Hemofilia en 2013 realizou actividades como a Hemoescola, que é unha escola de aprendizaxe sobre a hemofilia, a Saludltinere a través da que se envía o factor a domicilio, o SAIP ou Servizo de atención e información permanente, ademais de seguir co Proxecto Cooperhemos que se desenvolve en Perú xunto coa Asociación Peruana de la Hemofilia. Seguiu colaborando coa Federación Española de Hemofilia e asiste ás xornadas de formación para pais e mocidade. O ano rematouno coa festa infantil para os nenos da entidade.

Actualmente Agadhemo ten 224 socias/os de dereito e 152 socios/as colaboradores.

Tlf: 981 299 055 - Fax: 981 113 545  
e-mail: [asogalicia@hemofiliagalicia.com](mailto:asogalicia@hemofiliagalicia.com);  
[agadhemo@cogami.es](mailto:agadhemo@cogami.es)  
Web: [www.hemofiliagalicia.com](http://www.hemofiliagalicia.com)

**Delegación Lugo:**

Rúa da Luz nº4, plg Fingoi - 27002 Lugo  
Tlf: 981 299 055

**Delegación Ourense:**

Rúa Recaredo Paz s/n - 32005 Ourense  
Tlf/Fax: 988 218 941

**Delegación Pontevedra:**

Rúa Xílgaro, 5 baixo - 36205 Pontevedra  
Tlf: 986 281 960 - Fax.:981 113 545

**ACADAR**

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia en 2013 incrementou a participación en órganos de representación institucional ostentando dúas vogalías no Consello Galego das Mulleres e deu continuidade aos programas de prevención da violencia contra as mulleres con discapacidade sendo estes Violencia: TOLERANCIA CERO, Descubre a nosa realidade! e o Servizo de información e prevención da violencia.

Promoveu a celebración dun Encontro Autonómico e outro provincial de mulleres con capacidade para visibilizar a súa realidade. Tamén formou a profesionais en igualdade de oportunidades, xénero e discapacidade e realizou obradoiros sobre prevención da violencia, saúde sexual e dereitos reprodutivos.

Tlf: 674073092  
e-mail: [info@acadar.org](mailto:info@acadar.org)  
web: [www.acadar.org](http://www.acadar.org)

**FEDERACIÓN  
COGAMI-CORUÑA**

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da provincia de A Coruña realizou servizos de información e asesoramento ás entidades membro e tamén tivo tempo en 2013 para os coidados do corpo a través dun programa de recuperación, rehabilitación e mantemento das capacidades funcionais no balneario Laias de Ourense, a través dunha fisioterapeuta que prestou servizos a persoas usuarias de A Coruña e Ferrol. Natación terapéutica, logopedia, acuoterapia e a participación en xornadas de lecer, de accesibilidade, voluntariado e prevención de lesións medulares foron outras das actividades realizadas en 2013.

Ten asociadas 19 asociacións de ámbito comarcal.

Tlf. 981 574 698  
e-mail: [fed.cogamicoruna@cogami.es](mailto:fed.cogamicoruna@cogami.es)

**AMARAI**

A Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide en 2013 continuou co labor do ano anterior, aínda que incorporou dúas novas actividades: clases de cociña e baile. Ademais, desenvolveu un curso de viveirismo no que

participaron 9 persoas e realizou charlas de prevención de lesións medulares no IES de Arzúa.

Arestora, o centro de recursos Boimorto que xestiona a entidade ten 22 persoas usuarias que acoden a servizos de logopedia, fisioterapia, terapia ocupacional, rehabilitación, deporte, lecer, formación, estimulación cognitiva e obradoiros, como o de musicoterapia, hipoterapia e a asistencia a feiras onde amosaron os produtos que realizan no centro.

Tlf/Fax: 981 500 823  
e-mail: amarai@cogami.es

### AMICO



A Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca mantivo durante 2013 o servizo de rehabilitación dirixido a persoas asociadas no que ofreceu sesións de fisioterapia individual e sesións grupais de actividades acuáticas terapéuticas. Desenvolveu o proxecto piloto "Tardes con Amico" no que se impartiron obradoiros, sesións de cinefórum, debates de actualidade e outras actividades lúdicas nas que se compartiron experiencias e se fortaleceron as redes interpersoais e o sentimento de pertenza de grupo.

Participaron tamén en actividades lúdico-deportivas como a vela adaptada, actividades mini-deportivas en Decathlon, xornada de pesca adaptada, tenis adaptado e sendeirismo. Continuouse co programa de voluntariado e a canalización de propostas de mellora de normativa e/ou programas que lles afecta como colectivo. Amico ten 108 persoas asociadas.

Tlf. 678 739 030 – 981574698  
e-mail: info@amico.es  
Web. www.amico.es

### ASPANEMI



A Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía puxo en marcha ao longo de 2013 o programa de Apoio familiar que desenvolve actividades de terapia de pais e nais, aula de intervención e rehabilitación, un obradoiro de psicomotricidade e terapia individual para pais. Dentro do programa de Información, sensibilización e divulgación realizaron un obradoiro afectivo-sexual en colaboración co QUÉROTE+ e un obradoiro sobre discapacidade e dependencia. En Respiro familiar desenvolven un sábado ao mes un curso

de pintura. Aspanemi apostou este ano por programas terapéuticos como a hipoterapia, a acuoterapia, ou a práctica do esquí adaptado.

Xunto con outras entidades colabora nun programa de cooperación social no que recada fondos para causas alleas.

Tlf: 981946319  
aspanemi.bogspot.com  
e-mail: aspanemi@gmail.com  
Facebook: aspanemi

### ADISBISMUR



A Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros realizou en 2013 actividades de alfabetización, informática e habilidades sociais como son o traballar no coidado do aseo persoal, o atado de cordóns, comedor, manexo de cartos... Tamén desenvolveu servizo de fisioterapia e logopedia, natación terapéutica e ximnasia preventiva, deportes, actividades de lecer e tempo libre, talleres ocupacionais, transporte adaptado, servizo de comedor, destacando a actividade de teatro na que se fixeron varias representacións polos concellos da comarca. Como novidade este ano foi o obradoiro de musicoterapia que se impartiu durante catro meses e un club de lectura.

Tlf: 981 764 377  
e-mail: adisbismur@cogami.es

**Centro de recursos Valadares:**  
Tlf: 981 877 622

### ALCER CORUÑA



Durante 2013 a Asociación para a Loita de Enfermidades Renais de A Coruña continuou cos programas que viña desenvolvendo anteriormente como o Servizo de Información e Orientación Social e Alcer7vidas, un programa de actividades de promoción da doazón e transplante de órganos e tecidos na rúa, centros comerciais e colexios, dentro do Proxecto Salvavidas. Outros dos proxectos desenvolvidos son Doar Palabras, un programa de préstamo de material de lectura nas unidades de hemodiálise; Alcer no Fogar, un servizo de axuda a domicilio para persoas que seguen o tratamento renal substitutivo no domicilio; Bule con Alcer, un programa de exercicio psicossocial para persoas con enfermidades crónicas; Conéctate con Alcer, programa de voluntariado da entidade e Pásate a verme, un programa de voluntariado baseado na visita ás persoas doentes nas unidades de hemodiálise.



Alcer Coruña liderou en 2013 a posta en marcha da Federación Alcer Galicia.

Tlf. Sede Coruña: 981 298 759  
Tlf. Sede Ferrol: 881 937 235  
Tlf. Sede Santiago: 670 339 066  
e-mail: info@alcercoruna.org  
web: www.alcercoruna.org

## A XANELA



A Asociación de Discapacitados Activos durante o ano 2013 realizou actividades para o fomento e a profesionalización, a promoción da autonomía persoal, da autodisciplina e do respecto aos compañeiros potenciando as habilidades sociais. Continuou coas actividades propias da asociación, realizando obradoiros de traballos manuais, cestería e bolillos. Ademais, incorporou obradoiros de musicoterapia e de lecto-escritura e cálculo. Tamén desenvolveu un Programa de Apoio Psicolóxico e un Programa de Terapia Ocupacional, no que contan con voluntariado.

Ten un servizo de transporte adaptado que lles permite participar ás persoas usuarias en actividades culturais ou de lecer.

Ten 200 persoas asociadas.

Tlf./Fax: 607 230 249 / 981 45 24 16  
e-mail: axanela@cogami.es

## ÁMBAR



A Asociación Ámbar das Persoas con Diversidade Funcional continuou en 2013 cos programas e servizos promovidos dende o centro de recursos da Barbanza, que inaugurou unhas instalacións deportivas a través dun torneo de Fútbol Sala Prebenxamín. No eido cultural organizáronse exposicións e recibíronse premios da Deputación Provincial, da Fundación Igual Arte, do Concello de Ribeira e da Asociación Cultural Barbantia e o grupo de teatro Artellar comeza a tomar relevancia levando a cabo varias representacións na comarca.

Seguen en funcionamento os programas como Vela para todos, e de extensión aos apoios, como respiro familiar, ademais dun amplo programa de lecer que contou con xornadas de convivencia e deportivas, campamentos, excursións culturais, etc.

Número de persoas asociadas: 1.134  
Tlf./fax: 981 832 905

e-mail: correo@asociacionambar.org  
web: www.asociacionambar.org

## ÍNTEGRO



A Asociación ÍNTEGRO para a diversidade funcional das Comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra en 2013 impulsou as actividades a nivel asociativo, poñendo en marcha unha oferta formativa aberta sobre cociña, informática, arranxos e automaquillaxe. Tamén realizou un curso de Introducción de datos, impartido por COGAMI e un curso de informática básica subvencionado pola Fundación Mapfre.

Iniciouse o programa "DiversiEscola" para dar visibilidade e promover a inclusión nas escolas. Conmemoraron o Día da Muller cunha mesa redonda e o 1 de xuño, unhas 200 persoas participaron na xornada sobre "A inclusión conta", o Día Internacional contra a violencia sobre as mulleres realizaron unha cadea humana, o 3 de decembro realizaron unha xornada, Pensando en Presente, Diversidade e Alternativas, e o Día Internacional do voluntariado realizouse unha xornada informativa.

Ademais, participaron en actividades de lecer e organizadas por outras entidades.

Número de persoas asociadas: 364

Tlf./Fax: 981 734 985  
Móbil: 650 961 649  
e-mail: info@integro.es  
web: www.integro.es  
Facebook: Centro de Recursos ÍNTEGRO.

## AVANTE



A Asociación de Persoas con Discapacidade Val do Dubra durante o ano 2013 mantivo a programación das actividades do centro de día, centro ocupacional e da vivenda tutelada. Ao longo do ano, o centro de día contou coa asistencia de 13 persoas, mentres que o centro ocupacional pechou o exercicio anterior con 15 persoas que acoden a diario e a vivenda tutelada mantivo 4 prazas ocupadas durante 2013.

Como melloras importantes, cabe destacar a inversión realizada na modernización do servizo de comedor, coa substitución da cociña existente por unha industrial.

Tlf: 981 191 490  
e-mail: avante@cogami.es

### ACEM- Santiago



Asociación Compostelana de Esclerose Múltiple realizou en 2013 xestións relacionadas coa posta en marcha do centro de día e rehabilitación integral con vivenda de respiro familiar construído en Salgueiriños. Ofreceu servizos sociosanitarios como o de traballo social, rehabilitación logopédica e fisioterapia, ademais de actividades de lecer como reiki, golf adaptado e o xantar anual de convivencia.

Durante o día nacional de esclerose múltiple participou no foro on-line "O experto responde" que organizou a Escola Galega de Saúde. Ademais, a carreira popular de San Silvestre que organiza O Grove foi a favor de ACEM.

Conta con 164 persoas asociadas.

Tlf: 981 575 240

Móvil: 620 533 471

e-mail: [acem.santiago@gmail.com](mailto:acem.santiago@gmail.com)

### APROM



Asociación Prominusválidos Cariño

Tlf/Fax: 981 420 199

e-mail: [apromcarino@hotmail.com](mailto:apromcarino@hotmail.com)

blog: <http://apromporpalabras.blogspot.com/>

### MISELA



A Asociación de Persoas con Discapacidade comarca de Noia e Muros cumpriu 20 anos en 2013. Durante este tempo leva atendidas a 180 persoas e conta con 348 persoas asociadas. O Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá atendeu a 24 nenos de entre 0 e 16 anos e ás súas familias, a través de atención individualizada de fisioterapia e terapia ocupacional, asesoramento en adaptación funcional da contorna e produtos de apoio, atención a familias, etc. Na Aula Ocupacional atendéronse a 20 persoas maiores de 16 anos con discapacidade intelectual ou mixta, levándose a cabo obradoiros prelaborais, psicoeducativos, de habilidades emocionais e afectivas, programas de autonomía persoal, actividades de participación na comunidade, etc.

Tlf/Fax: 981 842 097

e-mail: [misela@misela.es](mailto:misela@misela.es)

### ACEM Coruña



Asociación Coruñesa de Esclerose Múltiple

Tlf: 981 240 985 / 677 477 495

Fax: 981 249 535

e-mail: [acemesclerosis@telefonica.net](mailto:acemesclerosis@telefonica.net)

### ASPAMITE



Asociación de Pais de Minusválidos de Teo en 2013, no centro ocupacional que teñen, realizaron actividades de cestería, encadernación, confección de alfombras, manexo do euro e prácticas en supermercado, destrezas para a vida diaria, habilidades do fogar, habilidades académico-funcionais (pre-lectura, lectura, pre-escritura, escritura, pre-cálculo, cálculo) habilidades cognitivas, fisioterapia, logopedia, teatro, actividades deportivas, culturais, de animación sociocultural, habilidades sociais, informática, realización de currículos e simulación de entrevistas de traballo, ademais de actividades de tempo libre e lecer como a celebración das festas, asistencia a concertos e excursións. No centro de día, ademais de desenvolver actividades coincidentes co centro ocupacional, tiveron terapia ocupacional, plástica, informática, educación física e psicomotricidade, modificación de conducta, iniciación ao teatro, educación musical, estimulación multisensorial, esquema corporal, e habilidades sociais-emocionais.

Teñen 190 persoas asociadas.

Tlf: 981 54 87 01

móviles: 629 32 26 01 (adm.) / 648 29 81 91

e-mail: [aspamite@aspamite.org](mailto:aspamite@aspamite.org)

web: [www.aspamite.org](http://www.aspamite.org)

Facebook: [www.facebook.com/aspamite](http://www.facebook.com/aspamite)

Twitter: @Aspamite

### ANDADE Galicia



A Asociación Nacional de Amputados de España é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída en 2008 para apoiar, informar, asesorar e guiar a toda persoa que teña pasado por un proceso de amputación, cara a súa plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade. ANDADE presta un servizo de información e asesoramento especializado para persoas con



amputacións, acompañamento a ortopedias, asesoramento en rehabilitación, visitas hospitalarias e a domicilio en casos necesarios e organiza actividades formativas, informativas e de sensibilización, dirixidas ás persoas amputadas, ás súas familias, profesionais e á poboación en xeral.

Na procura da defensa dos intereses das persoas con amputacións, solicitou a súa entrada na Federación COGAMI-CORUÑA, pasando a formar parte dela o 25 de febreiro de 2013. A partir do ingreso na Federación Provincial, tamén pasa a participar activamente na Comisión Sociosanitaria de COGAMI.

Móbil: 639 073 156  
e-mail: galicia@andade.es

### LIGARE



A Liga Reumatolóxica Galega en 2013 potenciou o programa de axuda ás persoas con doenzas reumáticas informando, orientando, facilitando información sobre recursos dispoñibles e asesorando na abordaxe ante unha doenza reumática. Servizo que se presta presencial na Sede da Liga na Coruña e Delegación de Vilagarcía, por medio de atención telefónica permanente. Impulsouse a consolidación da Delegación de Lugo-Hospital Lucus Augusti.

Forma parte do Consello Asesor de Pacientes e da Comisión da Dor do SERGAS. Fixo especial énfase en dar visibilidade ás doenzas reumáticas e a súa repercusión na poboación máis nova a través da realización de anuncios publicitarios reflexando o impacto poboacional das doenzas reumáticas.

Ligare participou en congresos europeos, nacionais e autonómicos e tamén desenvolveu actividades para socios como terapia a través de baile, teatro, pedaleo solidario, organizou a II Gala Benéfica Danzamos e tivo un stand informativo na Feira de Turismo Termal de Ourense.

Tlf/Fax: 981 236 586  
info@ligagalega.org  
www.ligagalega.org

### GRUPO DIVERSIDADE FUNCIONAL FERROL E COMARCAS



A Asociación Grupo Diversidade Funcional Ferrol e Comarcas desenvolveu durante 2013

diversas actividades de formación, destinadas a acadar a plena autonomía das persoas con Diversidade Funcional, entre as que están: Habilidades Sociais, Resolución de conflitos, Informática, Orientación Laboral: Emprego con apoio, Asistencia Persoal dende as dúas vertentes, Coaching, Violencia de Xénero a Mulleres con Diversidade Funcional e Primeiros Auxilios.

Ademais, realizou actividades de lecer e colaboracións coas distintas asociacións e administracións públicas e privadas, así como continuaron co servizo de transporte adaptado para as persoas usuarias, sexan asociadas ou non.

Tlf e Fax: 981 930 544  
móbil: 620 485 450  
e-mail: diversidadefuncionalferrol@hotmail.com  
blog: <http://rachandobarreiras.blogspot.com>  
Facebook: <https://www.facebook.com/diverffec.ferrolecomarcas>

### Federación COGAMI-Lugo



A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Lugo durante 2013 atendeu 148 consultas a través do servizo de Información, Orientación e Asesoramento, realizou actividades formativas coa colaboración de COGAMI, atendéronse a 70 persoas e familias na área de Intervención social, continuaron co programa de atención psicolóxica en Lugo e Monterroso e mantivo 50 reunións con profesionais doutras entidades e organismos. Na área de Autonomía Persoal atendéronse 71 persoas a través do Servizo especializado de Terapia Ocupacional e 40 mulleres do rural participaron no proxecto Tecnocapitadas.

Conta con 7 asociacións.  
Tlf: 982 253 332  
e-mail: fed.cogamilugo@cogami.es

### A MARIÑA- COGAMI



A Asociación de Persoas con Discapacidade da Mariña Lucense en 2013 equipou completamente e acondicionou o exterior do centro de recursos de Xove, que conta con 21 prazas concedidas para o centro de día e outras tantas para o centro ocupacional. Esta entidade participou no Proxecto "Tempos de Muller" da Deputación de Lugo para actividades lúdico-deportivas, no Proxecto "Natación Terapéutica"

cofinanciado pola Fundación Iberdrola e no Proxecto "Mulleres na Rede de Museos" da Deputación de Lugo. Outras actividades desenvolvidas foron sesións de fisioterapia e Reiki. En canto á formación, realizaron un curso de formación, obradoiros de informática, obradoiros de maquillaxe e un obradoiro do Nivel I de Reiki. Impartiu 5 charlas de prevención de lesións medulares e descenderon o río Sella. En Accesibilidade houbo 3 intervencións. Conta con 200 persoas asociadas.

Tlf: 982130289  
e-mail: amarina@cogami.es  
Facebook: www.facebook.com/AsociacionAMarinaCogami

### AUXILIA-LUGO



Esta entidade realizou durante 2013 cinco proxectos principais. Traballaron pola eliminación de barreiras arquitectónicas e impulsaron o turismo accesible, resolveron 35 consultas particulares sobre accesibilidade e actualizaron a guía municipal, incluíndo 10 locais novos. Tamén atenderon no local social 450 consultas, realizaron 9 charlas informativas, 79 xestións e 53 visitas.

Traballaron polo fomento do voluntariado participando en actos conmemorativos durante o Día do voluntariado e participaron en xornadas de lecer como pesca adaptada, unha gran pulpada ademais de realizar mergullo adaptado.

Tlf/Fax: 982 202 307  
e-mail: auxilia@lugoaccesible.net  
web: www.lugoaccesible.net

### AUXILIA MONFORTE



A delegación de Auxilia en Monforte mantivo en 2013 a mesma liña de traballo que vén desenvolvendo nos últimos anos: mantivo o servizo de atención psicosocial que prestou información, orientación e asesoramento e levou a cabo obradoiros de estimulación psicomotriz e o de funcións executivas. Dentro das actividades de lecer, organizou a festa de Entroido, asistiu ao Open de Tenis en A Coruña, visitou o Pazo de Tor, realizou unha comida de convivencia, representou unha obra de teatro dentro e acudiu á Feira Outrora de Rubián.

Auxilia Monforte tamén realizou traballos manuais como pintura e elaboración de

alfombras e realizou un obradoiro subvencionado pola Deputación de Lugo no programa Tempos.

Conta con 88 socios/as.

Tlf e fax: 982 40 06 20  
monforte@auxilia.es  
www.auxilia.es

### AGORA



A Asociación de persoas con Discapacidade da Comarca de Lemos xestionou en 2013 o centro de día con 21 prazas e dous apartamentos tutelados con 7 prazas nos que se ofertan fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, atención psicolóxica, ximnasia de mantemento e intervención social e familiar. Ademais, realizou o transporte adaptado dos centros de día de maiores de Monforte e Pobra de Brollón.

Entre as actividades de lecer desenvolvidas destacan a participación no Entroido e no San Mateo, viaxes culturais ao Cebreiro, Quiroga e Sober, asistencia ao Open de Tenis de A Coruña e unha semana de vacacións en Bilbao. Participaron en actividades de hidroterapia e fisioterapia e destaca o servizo de fomento da autonomía persoal para persoas con discapacidade e a posta en marcha de actividades de voluntariado.

Agora ten 105 persoas asociadas.

Tlf: 982 41 02 89  
e-mail: agora@cogami.es

### ALCER Lugo



A Asociación para a loita de enfermidades renais en 2013 impartiu charlas en institutos e Concellos, colocou mesas informativas o Día Internacional do Ril e o Día do Doante, ademais dunha campaña no centro comercial As Termas "Escucha a tus Riñones". Teñen unha biblioteca para persoas de hemodiálise e peritoneal, colaboran coa Universidade de Santiago tanto no tema da biblioteca como nun estudo nutricional de enfermos en hemodiálise, realizaron obradoiros de manualidades, ximnasia, informática e cociña, realizaron asesoramento nutricional e psicolóxico e visitaron varios centros de diálise da provincia. Tiveron as VII Xornadas renais no mes de outubro e participaron nas I Xornadas Gastroaccesibles en colaboración con outras asociacións de Lugo.



Contan con 348 persoas asociadas.

Tlf/Fax: 982 243 231

móbil: 619 609 797

e-mail: alcerlugo@cogami.es

e-mail: alcerlugo@gmail.com

web: www.alcerlugo.org

## Federación DISCAFIS-COGAMI



A Federación Provincial de Asociacións de Discapacitados Físicos de Ourense en 2013 continuou prestando servizos de logopedia, terapia ocupacional e transporte adaptado que atendeu a 63 persoas. Seguiron co servizo de préstamo de guindastres eléctricos contando con 21 beneficiarios. Realizaron charlas en colexios de prevención de lesións medulares, asinaron un convenio coa asociación de comerciantes de Ourense co fin de eliminar as barreiras arquitectónicas e participaron en foros de sensibilización, ademais de levar a contabilidade de dúas entidades a través do programa de xestión económica.

Conta con 13 entidades membro.

Tlf/fax: 988248769

e-mail: discafis@cogami.es

web: www.discafiscogami.org

Facebook: www.facebook/discafis.cogami

## ALCER OURENSE



A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais durante 2013 participou activamente no Día Mundial do Ril e no Día Nacional do Doador, ademais de realizar xornadas de confraternización para os pacientes con tratamento de diálise, charlas sobre a doazón e transplante de órganos e tecidos en colexios e na universidade. Tamén levou a cabo en colexios o Proxecto Salvavidas, consistente na formación do profesorado para introducir de forma transversal a concienciación e sensibilización con respecto á doazón. Ademais, realizou apoio social e psicolóxico a familiares e pacientes en tratamento de hemodiálise e diálise peritoneal, mediante visitas hospitalarias e atención na sede da entidade, por parte das traballadoras sociais.

Actualmente conta con 166 persoas asociadas.

Tlf/Fax: 988.229.615

móbil: 663.780.330

e-mail: alcerourense@hotmail.com

web: www.alcerourense.com

Facebook: <https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense?ref=settings>

## ACCU OURENSE



A Asociación de Enfermos de Crohn y Colitis Ulcerosa de Ourense realizou en 2013 servizo de información, orientación e asesoramento dirixido a persoas asociadas e familiares, desenvolveu tamén dous obradoiros: un de alimentación destinado a persoas que padecen EI e outro de ioga. Realizou 14 sesións de grupo de axuda mutua e foron 50 as persoas que se interesaron pola entidade durante o programa Paseo pola saúde. ACCU visitou tamén 19 pacientes hospitalarios, realizou 6 charlas informativas e organizou a convención nacional que en 2013 desenvolveuse en Ourense.

Tlf: 630 136 447

e-mail: ourense@accuesp.com

## DISVALIA



A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de Valdeorras en 2013 participou en actividades culturais como os Maios, as alfombras floreadas do Corpus, os mercadiños de artesanía, o magosto e a festa do casco vello Kermes. Tamén realizou excursións e participaron e asistiron á obra de teatro Contos Enfiados que organizou COGAMI. Con respecto á formación, participaron nun curso terapéutico nas piscinas municipais que cofinanciou Iberdrola.

Tlf: 699659139-661739342

e-mail: disvaliaval@gmail.com

web: www.disvalia.es

## AIXIÑA



A Asociación Ourensana de Discapacitados Físicos, Parálisis Cerebral y Tercera Edad Dependiente durante o ano 2013 mantivo o seu servizo terapéutico, declarado Servizo Sanitario en 2012, que atende a persoas asociadas con e sen discapacidade, traballadores do centro especial de emprego e familias. Este servizo complementábase con transporte adaptado porta a porta, programa de lecer e tempo libre, colonias de verán e programa de integración laboral a través dun centro especial de emprego propio.

O labor da asociación a prol do deporte adaptado contou este ano co Premio Valor Solidario outorgado pola Universidade de Vigo e a Distinción ao Mérito Deportivo de Galicia 2013, a título póstumo, para Recaredo Paz Prieto. Aixiña conta con 2 centros de día para maiores e 1 centro de día para discapacidade física.

A actividade de Aixiña chega a un total de 517 persoas asociadas, das que o 65% ten discapacidade.

Tlf: 988 233 304  
Fax: 988.246.689  
e-mail: [laboral@aixina.org](mailto:laboral@aixina.org)  
web: [www.aixiña.es](http://www.aixiña.es)

### AODEM



A Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, ELA, Parkinson y otras enfermedades neurodegenerativas en 2013 realizou intervencións propias dos programas principais de traballo social, psicoloxía e fisioterapia. Impulsou o lecer e o tempo libre accesible entre as persoas asociadas e tamén o servizo de voluntariado, ademais de organizar obradoiros sobre Parkinson e sobre esclerose múltiple.

Aodem durante 2013 participou en 4 accións de difusión e sensibilización na cidade de Ourense e colaborou nun estudo sobre a implicación social da Esclerose Múltiple, levado a cabo por unha alumna da Universidade de A Coruña.

No mes de novembro a entidade someteuse a unha auditoría externa de Calidade levada a cabo por AENOR e pasouna satisfactoriamente.

Conta con 204 persoas asociadas.

Tlf:/Fax: 988 252251  
e-mail: [aodem@hotmail.es](mailto:aodem@hotmail.es) ou [aodem@aodem.com](mailto:aodem@aodem.com)  
web: [www.aodem.com](http://www.aodem.com)  
Facebook: [www.facebook.com/aodem.ourense](http://www.facebook.com/aodem.ourense)



### AGAL

A Asociación Galega de Lupus de Ourense ao longo do ano 2013 continuou coa publicación da revista PAPILIO para difundir información sobre a doenza do lupus. Como veñen facendo nos últimos anos, instalaron mesas informativas en toda Galicia o Día Mundial do Lupus. Celebraron tamén xuntanzas de confraternización con chocolatadas ou sardiñadas ademais dos xa coñecidos xantares nas datas festivas

como o Entroido e o Nadal. Tamén organizaron charlas Informativas sobre Novos Tratamentos no Lupus e acudiron a outras sobre Ensaio Clínicos no Lupus, e da Área Médica Reumatolóxica. Colaborou con FEGEREC na celebración do Día Mundial das Enfermidades Raras e co diario El Progreso para elaborar un suplemento sobre o Lupus. Realizaron talleres de apoio ás familias, de risoterapia, de pintura, impartiu un curso de maquillaxe correctora e ofreceu terapia psicolóxica e fisioterapia. Para rematar, AGAL organizou as XV Xornadas do Lupus con charlas informativas e xornadas de lecer.

Tlf: 988 216 071  
móbil: 659 585 182  
e-mail: [ourense@lupusgalicia.org150](mailto:ourense@lupusgalicia.org150)

### AFFOU



A Asociación de Fibromialxia e Síndrome Fatiga Crónica de Ourense mantivo durante o ano 2013 a intervención psicolóxica, o grupo de autoaxuda e os obradoiros de estimulación cognitiva. Ademais, esta entidade deulle continuidade ao programa de natación hidrotermal e realizou un obradoiro de fisioterapia. Tamén se levou a cabo unha campaña de difusión para dar a coñecer tanto a enfermidade como a asociación mediante xornadas informativas levadas a cabo en diversos centros cívicos de Ourense. Este ano obtivo o certificado de calidade ISO 9001.

Tlf: 678 636 037  
e-mail: [fibromialxia@hotmail.com](mailto:fibromialxia@hotmail.com)

### Asociación de Discapitados Físicos de Carballiño e Comarca



Tlf: 988 274 537  
móbil: 669 628 508  
e-mail: [adfcc1@hotmail.com](mailto:adfcc1@hotmail.com)  
web: [www.adfccweb.es](http://www.adfccweb.es)

### Asem Galicia (Delegación Ourense)



A Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares conta con numerosa documentación relativa ás enfermidades que atende. Realizou durante o ano 2013 actividades de difusión e sensibilización da entidade e das enfermidades neuromusculares. Tamén levou a



cabo diferentes servizos como o de información e orientación, o de promoción da autonomía persoal, o banco de axudas técnicas, obradoiro de manualidades...

Tlf: 986 378 001  
móbil: 698 140 728  
e-mail: info@asemgalicia.com  
web: www.asemgalicia.com

### Asociación PUZZLE



Ao longo do 2013 a Asociación para a loita contra a exclusión social e laboral ás persoas con discapacidade de Allariz continuo co programa de natación subvencionado polo concello e puxo en práctica o Programa de adquisición de habilidades sociais e fomento da autonomía en persoas con discapacidade psíquica, que incluíu: un obradoiro de habilidades sociais, un obradoiro de actividades manuais, un obradoiro de novas tecnoloxías e un programa de radio, así como saídas culturais e actividades medioambientais nas que se recolleu selectivamente o cartón e se realizaron labores de mantemento do Festival de Xardíns.

Tlf: 988 554 059  
Blog: asociacionpuzzleallariz.blogspot.com

### ALGARIA



A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de A Limia durante 2013 realizou actividades de información e sensibilización, información a socios sobre recursos dispoñibles e outras actividades de interese para as persoas asociadas. Ademais, a xunta directiva asistiu a unha xornada formativa impartida por COGAMI sobre contidos legais e funcionamento das asociacións dende o papel de xunta directiva.

Algaria tamén realizou actividades de lecer para romper a monotona do día a día e aumentar as relacións sociais de persoas, que en moitas ocasións ven minguado este aspecto da súa vida por vivir nunha poboación rural afastada. Ao longo do ano fixeron tamén varias xuntanzas.

Tlf.: 648 678 515 / 637 846 354  
e-mail: asociacion-algaria@hotmail.com

### Asociación Ourensana de Hemofilia



Constituída como tal en 2001, para representar ao colectivo de hemofílicos da provincia de

Ourense, a entidade ten como obxectivo desenvolver accións encamiñadas á información, orientación, asesoramento, formación, atención e resolución da particular problemática do colectivo de hemofilia.

Entre as actividades desenvolvidas durante 2013, continuaron co servizo de información, orientación e asesoramento no que realizaron charlas, realizaron o Programa de Portadoras, no que se capta e censa a portadoras, fixeron tamén atención social ás persoas socias, servizo de voluntariado e actividades como un obradoiro de risoterapia, outro de cociña saudable en microondas e participaron activamente no Día Mundial da Hemofilia e no Día Internacional da Saúde.

Tlf: 988 255 782  
Fax: 988 385 380

### Federación COGAMI-PONTEVEDRA



A Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Pontevedra durante 2013 realizou un programa de Psicomotricidade e outro de Capacitación Prelaboral. Ademais, desenvolveu un curso Actividades Auxiliares en Agricultura e outro de Agricultura Ecolóxica e levou a cabo un Programa de Voluntariado Xuvenil. Conta con 10 asociacións membro.

Tlf: 986 281 897/986 487 925  
e-mail: fed.cogamipontevedra@cogami.es  
web: www.cogamipontevedra.org

### AMIZADE



A Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Pontevedra levou a cabo en 2013 actividades como un obradoiro de lecer inclusivo, un obradoiro de habilidades manuais e un curso de Informática Básica. Ademais, ofreceu servizos de fisioterapia e terapia ocupacional e continuou coas actividades de sensibilización social e política.

Tlf/fax: 986 84 52 50  
web: www.asociacionamizade.org  
e-mail: amizade@asociacionamizade.org

### VONTADE



A Asociación de Persoas con Discapacidade foi declarada de utilidade pública e conta con

certificado ISO 9001 de calidade. En 2013 realizaron obradoiros formativos de lectoescritura, de apoio á ESO e informática á carta, ademais de obradoiros ocupacionais como os de coiro, serigrafía, traballos manuais e cerámica; de habilidades motoras como o de psicomotricidade e natación e de autonomía persoal. Conta cun servizo de fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía, traballo social e transporte adaptado. Ten 114 persoas asociadas.

Tlf: 986 623 044  
Móbil: 674 031 264  
e-mail: [vontade@cogami.es](mailto:vontade@cogami.es)  
web: [www.vontade.org](http://www.vontade.org)

### ASODIFISI



A Asociación de Disminuídos Físicos e Psíquicos de Mos desenvolveu en 2013 o proxecto "Sementamos" no que as persoas con discapacidade adquiriron coñecementos básicos de xardinería e horta, manexo de ferramentas de traballo e reafirmación da súa autoestima e seguridade do traballo en equipo.

Tamén executou actividades para incrementar a participación social e pública das persoas con discapacidade, entre elas, a festa da Rosa do concello de Mos, a festa do Nadal, xuntanza cabalar, Entroido, festa dos Maios, excursións anuais, etc.

Entre os servizos prestados en 2013 destaca o de respiro para familias con persoas con discapacidade ao seu cargo que engloba transporte adaptado, persoal contratado, actividades formativas, información e asesoramento, atención psicolóxica, intervención social, e lecer e tempo libre.

Tlf: 986 487 557 / 6892  
e-mail: [asodifisi@cogamil.es](mailto:asodifisi@cogamil.es)

### ASEM-Galicia



A Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares conta con numerosa documentación relativa ás enfermidades que atende. Realizou durante 2013 actividades de difusión e sensibilización da entidade e das enfermidades neuromusculares. Tamén desenvolveu diferentes servizos como o de información e orientación, o de promoción da autonomía persoal, o banco de axudas técnicas, un obradoiro de traballos manuais, entre outras actividades.

Tlf: 986 378 001  
Móbil: 698 140 728  
e-mail: [info@asemgalicia.com](mailto:info@asemgalicia.com)  
web: [www.asemgalicia.com](http://www.asemgalicia.com)

### ALMYF



Asociación de Lesionados Medulares e Minusválidos Físicos.

Tlf: 986 492 312  
Fax: 986 492 312  
e-mail: [almyfvigo@yahoo.es](mailto:almyfvigo@yahoo.es)

### ADAPTA



A Asociación de Discapacitados de Condado e Paradanta realizou durante 2013 actividades relacionadas coa saúde como Fisioterapia, Natación Terapéutica ou Ximnasia de Mantemento. Outras actividades desenvolvidas foron formativas como o obradoiro de informática á carta, e outras de carácter informativo e de sensibilización, como por exemplo, a xornada informativa sobre discapacidade, dependencia e axudas técnicas. Tamén colaborou en charlas de prevención de lesións medulares nos institutos da zona.

Outras actividades nas que participou Adapta foron de lecer, como a visita a Cambados o teatro solidario, os contos enfiados, a asistencia a unha xornada lúdica no balneario de Mondariz e a participación en actividades náuticas e de tenis adaptado.

Tlf: 662 947 289  
e-mail: [adaptapontearreas@gmail.com](mailto:adaptapontearreas@gmail.com)  
e-mail: [crd.pontearreas@cogami.es](mailto:crd.pontearreas@cogami.es)  
[asociacionadapta.blogspot.com/](http://asociacionadapta.blogspot.com/)

### AVIDEPO



Asociación Viguesa de Espondilíticos de Pontevedra participou en 2013 en tres asembleas e dúas reunións de traballo. Ademais, realizaron labores de información, atención e asesoramento, encargáronse de difundir as actividades a través da súa páxina web e das redes sociais, editaron un boletín informativo e realizaron o VII encontro galaico-portugués de asociación de espondilite.

Tlf: 886 127 422  
e-mail: [avidepo@avidepo.com](mailto:avidepo@avidepo.com)  
web: [www.avidepo.com](http://www.avidepo.com)

**AGL**

A Asociación Galega de Linfedema continúa co labor de información, formación e sensibilización sobre esta patoloxía a través do asesoramento, tanto a persoas afectadas como a profesionais e á poboación en xeral, coa impartición de charlas de sensibilización en diferentes puntos da xeografía galega. Durante 2013, podemos destacar a participación dun representante desta asociación en FEDEAL (Federación Española de Asociaciones de Linfedema), como secretario desta federación a nivel nacional, e a participación con esta federación na preparación de documentación en español/inglés para entregar no Congreso da ILS- International Lymphedema Society (Roma), na preparación de documentación para o Libro Branco sobre Linfedema do Capítulo Español de Flebología y Linfología de la SEACV y la Sociedad Española de Rehabilitación y Medicina Física (SERMEF) e a revisión do Catálogo Ortoprotésico en colaboración coa Comisión Sociosanitaria- COGAMI.

Tlf: 986 505 443  
móbil: 618 307 562  
e-mail: [aglinfedema@yahoo.es](mailto:aglinfedema@yahoo.es)  
blog: <http://aglinfedema.blogspot.com>

**ANDURIÑA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de O Salnés durante 2013 participou activamente o Día Internacional das Enfermidades Raras, colocando dúas mesas informativas en O Grove. Participou activamente na formación, realizando un curso de ofimática básica, outro de carretilleiro, outro sobre a creación dunha empresa física e on line, outro sobre informática básica, outro sobre hostalería e tamén houbo tempo de realizar obradoiros de cestería en papel e de galletas decoradas.

Desenvolveron unha acción de sensibilización “Sube á miña cadeira”, navegaron a través do proxecto Gavea que organiza COGAMI, realizaron unhas xornadas de asertividade e quixeron despedir o ano acompañados polas persoas usuarias da entidade.

Tlf: 986 732 322  
e-mail: [asociacionandurina@gmail.com](mailto:asociacionandurina@gmail.com)  
web: [asociacionandurinha.blogspot.com](http://asociacionandurinha.blogspot.com)

**AVANZAR**

A Asociación de Persoas con Discapacidade Umia-Ulla, con catro anos de existencia, durante 2013 continuou realizando o seu obradoiro de coiro e o taller de Tai Chi, dous días á semana. Desenvolveron tamén actividades de lecer, como unha excursión a Aveiro en Portugal e participaron en actividades náuticas. Continuaron, ademais, coas campañas de sensibilización, este ano no CPI Marcelino Rey García.

Outro traballo importante realizado en 2013, foi a sinatura do convenio de colaboración coa comunidade de montes veciñais de Lantaño, para o desenvolvemento do proxecto “Recuperación biótica do río Umia e creación de sendeirismo adaptado para xente con discapacidade”.

Este ano, durante o mes de maio, houbo eleccións para elixir nova xunta directiva, resultando elixida a candidatura presidida por M<sup>a</sup> Jesús Maquieira.

Tlf: 689 641 996  
e-mail: [avanzar\\_umia\\_ulla@hotmail.com](mailto:avanzar_umia_ulla@hotmail.com)  
blog: <http://asociacionavanzar.blogspot.com/>





UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



Programa de  
Aprendizaje  
Permanente



Lifelong  
Learning  
Programme



Youth  
in Action



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Secretaría Xeral de Política Social



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de Emprego e Formación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Formación e Colocación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de Xuventude  
e Voluntariado



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello de Lugo



Concello Tomiño



Concello do Porriño



Concello de Ferrol  
[www.ferrol.es](http://www.ferrol.es)



Deputación  
Pontevedra



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



DEPUTACIÓN DE  
A CORUÑA



COCEMFE

Atam



CONSORCIO  
GALEGO

de Servizos de Igualdade e Benestar



Fundación ONCE



Fundación  
Vodafone  
España



Fundación

IBERDROLA

incorpora  
de "la Caixa"



BERGONDO

Centro de promoción de la autonomía personal

INDITEX



## SEDE CENTRAL COGAMI

R/ Modesto Brocos, nº 7, Baixos  
15704 Santiago de Compostela A Coruña  
Tfno.: 981 574 698  
Fax: 981 574 670  
Móbil: 600 481 456  
correo@cogami.es

## A CORUÑA

Avda. de Cádiz, nº 1, 1º andar, local 2  
Edificio A Milagrosa  
15008 A Coruña  
Tfno.: 981 231 105  
Fax: 981 152 241  
Móvil: 607 180 679  
silcoruna@cogami.es

## OURENSE

Centro Integral de Servicios AIXIÑA  
Rúa da Farixa, nº 3 B (Finca Sevilla)  
32005 Ourense  
Tfno.: 988 246 057  
Fax: 988 229 915  
Móbil: 607 189 052  
silourense@cogami.es

## FERROL

C/ Sánchez Calviño, nº 56-58  
15404 Ferrol  
A Coruña  
Tfno.: 981 325 568  
Fax: 981 322 550  
Móvil: 626 951 787  
silferrol@cogami.es

## PONTEVEDRA

Rúa da Marquesa, nº 5-7, 1º D  
36002 Pontevedra  
Tfno.: 986 863 709  
Fax: 986 863 709  
Móbil: 607 181 049  
silpontevedra@cogami.es

## LUGO


Rúa da Luz nº 4 - Polígono de FINGOI  
27002 Lugo  
Tfno.: 982 253 332  
Fax: 982 280 977  
Móbil: 607 179 207  
sillugo@cogami.es

## VIGO

Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior  
36205 Vigo  
Pontevedra  
Tfno.: 986 281 893  
Fax: 986 266 567  
Móbil: 607 169 197  
silvigo@cogami.es

## GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL S.L.

Oficina central do grupo COGAMI  
Parque Empresarial Costa Vella  
República Checa, 17  
15707 Santiago de Compostela  
Tlf: 981 519 026  
Fax: 981 574 174  
ges@galegadeeconomiasocial.es  
www.galegadeeconomiasocial.es



# COGAMI

Confederación Galega de  
Persoas con Discapacidade